

cultura

O Caudal Fest contará con sesións vermú nas Caldas e no Coliving. **Páx. 3**

economía

Empresas mostran interese en colocar colectores marróns nas instalacións. **Páx. 6**

medio rural

Veciños das parroquias fundan unha plataforma contra a planta de biorresiduos. **Páx. 12**

sociedade

Lugo rexistra un novo récord de viaxeiros no bus urbano no verán. **Páx. 13**

infraestruturas

Renovarán o asfalto nas avenidas Anxo López Pérez e Breogán. **Páx. 19**

Outro verán sen zona de baño no Miño



Primeiras confirmacións do San Froilán

Fillas de Cassandra, La Perra Blanco ou Triángulo de Amor Bizarro estarán na festa. **Páx. 2**

Impulso ás Reservas da Biosfera

A Deputación aprobou os 41 proxectos medioambientais. **Páx. 20**

Volve o fútbol e o fútbol sala con cambios

Analizamos o inicio da tempada para os equipos da provincia coa nova normativa Futgal. **Páx. 30-31**

Cántigas e Frores



Organiza a nova edición da Feira do 48 o 7 e 8 de setembro. **Páx. 5**

Nadela



Os veciños temen o peche definitivo do seu centro de saúde. **Páx. 10**

Dez Portas



O club deportivo lugués cumpre este ano a súa maioría de idade. **Páx.29**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel · 982 253 890

· 659 881 585

mail · administracion@mateoysanchez.es

A escola de arte Ramón Falcón impartirá catro ciclos plurilingües

O vindeiro curso académico, as escolas de Arte superiores de Deseño Pablo Picasso da Coruña e Ramón Falcón de Lugo ofrecerán catro ciclos formativos na modalidade plurilingüe. Esta iniciativa pioneira, que busca promover o plurilingüismo nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño en Galicia.

En concreto, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP autorizou a impartición en inglés dos ciclos formativos de grao superior en Dourado, Prateado e Policromía e en Ilustración na escola Pablo Picasso de A Coruña. Pola súa banda, a Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo ofrecerá en inglés os ciclos de grao medio en Serigrafía artística e

de grao superior en Fotografía. Ademais, o Diario Oficial de Galicia tamén publica a prórroga das seccións bilingües en varios conservatorios profesionais de música. Así, mantéñense durante dous anos máis as seccións en lingua inglesa nos conservatorios da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, así como no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Tamén se prorrogou por outro bienio a sección bilingüe en alemán na Escola de Arte Superior Pablo Picasso. Esta medida forma parte da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, Edulingüe 2030, que ten como obxectivo consolidar e expandir os programas de plurilingüismo nas ensinanzas de réxime especial en Galicia.

Abre no MIHL a mostra 'Cardophenia Galega'

Unha nova exposición ún ese á oferta cultural do Concello. *Cardophenia Galega*, mostra de pintura e escultura a cargo dos artistas do grupo Galeoska Luísa Paz, Sergio Ribeiro, Castrolara, Loli España, J.R. Domato e Martina Bugallo, poderá visitarse no MIHL ata o vindeiro 27 de setembro.

Cardophenia refire ás emocións aos estados da mente, ás implicacións emocionais que unha obra de arte agocha. O termo foi acuñado polo grupo de rock The Who, a través dun xogo fonético os artistas de Galeoska empregan esa expresión para dar título a esta mostra colectiva onde a pintura e a escultura se fusionan con visións diver-

xentes da realidade galega. Trátase dun percorrido polas iconas culturais, fauna e flora galega e os oficios tradicionais que perviven no sentir colectivo que nos identifica. Así como memoranzas oníricas, evocación aos nosos antergos, e ao camiño universal e espiritual que simboliza o camiño de Santiago. Trátase dunha cadrofenia discordante como son os estados mentais e as emocións tan diverxentes manifestadas en cada un de nós.

Galeoska é un grupo de artistas galegas de diferentes disciplinas que se agrupan entorno a unha mesma paixón que é a arte. Nace no 2018 da man de dous artistas Martina Bugallo e Sergio Ribeiro (Fundadores).

O San Froilán confirma os seus primeiros concertos

A cidade conta as semanas para dar comezo as súas patronais. Aínda que polo momento non se desvelou o programa completo do San Froilán 2024, xa se coñecen algúns dos concertos que van a protagonizar as festas. Fillas de Cassandra, que actuarán o venres 4 de outubro ás 22.00 na praza Horta do Seminario, e La Perra Blanco, que o farán ás 23.00 na praza de Santa María, convertéronse nas primeiras confirmacións.

MaríaSOA e Sara Faro conforman o dúo que aposta pola recuperación das melodías tradicionais e a creación de novas líricas, inspiradas na no canto de tradición oral, pero tamén influenciadas polo pop, a electrónica e a música clásica. Xunto cunha mensaxe feminista, conseguiron ter, en tan só 2 anos, "un importante oco á hora de apostar pola música galega", destaca a concelleira de Cultura. Pola súa parte, La Perra Blanco, coñecida como a nova Raiña do Rockabilly, é unha das bandas de rock máis demandadas no Estado, onde está adquirindo cada vez máis fama, mentres achega a música de raíz ás xeracións máis novas.

O sábado 5 de outubro, a partir das 20.00 horas na praza de Santa María é a quenda de Dollar Selmouni, unha das voces soul do urban máis de rúa. Ao longo da súa traxectoria deixou clara a súa versatilidade, pois tan pronto se achega ao R&B como ao flamenco urbano, sempre defendendo as súas dotes vocais sen necesidade de autotune ou efectos de son tan propios do xénero. Pero non soamente da súa voz vive Dollar, é un letrista avaxado cunha escrita moi persoal alonxada de temáticas contemporáneas e máis achegadas ao romanticismo de antano, letras animadas e de superación que emocionan a todos os oíntes.

A eles únese a banda madrileña Club del Río, que terá o seu oco no pro-



grama o luns 7 de outubro ás 21.00 horas na praza de Santa María, continuando "cunha proposta de concertos de artistas coñecidos e emerxentes con diversos estilos e xéneros musicais", segundo explicou Maite Ferreiro. Na cidade presentarán o seu novo álbum *Todo ao redor do publicado no 2024*, celebrando á par os seus 10 anos de vida.

O martes 8, ás 21.00 na praza de Santa María, a artista catalá María Rodés presentará o seu espectáculo *Canta Copla*, dentro da súa xira de celebración do 10º aniversario do álbum que a consolidou no panorama musical. Deste xeito, Rodés, recoñecida pola súa voz doce e o seu estilo único que fusiona canción de autor coa experimentación sonora, ofrecerá unha homenaxe ao xénero da copla española

Outro dos confirmados é grupo ga-

lego Triángulo de Amor Bizarro, que ofrecerá un concerto na cidade o 10 de outubro ás 23.00 horas na Praza Santa María. Os lucenses poderán gozar da súa xira de 20º aniversario que ten unha particularidade xa que a propia banda anunciou que o repertorio de cada concerto "variará segundo o azar".

Maite Ferreiro anunciou que a comisión de festas aprobou que a artista multidisciplinar Luz Darriba sexa a pregoeira desta edición das festas, "unha lembranza ao 25 aniversario do proxecto Cumulum, un dos pasos máis importantes para que a Muralla fose recoñecida como patrimonio da humanidade". A ofrenda a Rosalía correrá a cargo da artesá Marga Portomeñe e da escritora Ana Carreira, "tres mulleres representativas da importancia de Lugo na actualidade da cultura galega".

	UNIVERSIDAD Grado en:			ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS 	
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
	Matemáticas - Física Química - Lengua Gallego - Inglés Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte				
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es		ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAY

O Caudal Fest contará con sesións vermú nas Caldas e no Coliving

O Caudal Fest ampliará este ano a súa programación con dúas sesións vermú nas Caldas e no Coliving. Unha iniciativa coa que a rexedora pretende incrementar o aproveitamento destes dous equipamentos municipais e que o festival contribúa, así, a dinamizar o conxunto da contorna fluvial. “É o exemplo perfecto de como podemos rendibilizar ao máximo tanto esta cita musical como as dotacións públicas das que dispoñemos, ofrecendo actuacións culturais de calidade que enriquezan a vida da veciñanza e atraian visitantes á cidade”, afirmou. Segundo a alcaldesa, estas sesións poñen de manifesto, igualmente, a versatilidade de ambas as dúas instalacións para albergar actividades e eventos multidisciplinares.

“Se ben a situación do Coliving Ar-

tístico Municipal e o espazo exterior co que conta ao seu redor o configuran como un escenario fabuloso para celebrar espectáculos ao aire libre, achegando a música ao centro da cidade e axudando a revitalizar unha zona tan emblemática como a do Carme, as Caldas - moi próximas ao recinto do propio festival - nos ofrecen un recinto de relax marabilloso cuxa existencia queremos proxectar, tamén, como reclamo turístico”, abondou Paula Alvarellos. “O obxectivo é divulgar a existencia de todos os recursos municipais e encheiros de vida aproveitando as datas do Caudal, ofertando unha programación lúdica de interese para a poboación pero tamén propiciando, á súa vez, a dinamización económica do municipio”, sinalou. Neste sentido, o tenente de alcal-

desa de Dinamización Económica, Mauricio Repetto incidiu nas cualidades das dúas infraestruturas.

“Cremos que o Coliving será, moi pronto, un punto de nacemento de proxectos e un catalizador para a creatividade, a colaboración e o desenvolvemento profesional en áreas relacionadas con diversas disciplinas artísticas e a creación contemporánea, ao tempo que axudará a incentivar o lecer cultural e a rexenerar unha zona estratéxica da capital. E, en canto as Caldas do Miño, estas son xa un atractivo tanto para visitantes como lucenses debido á súa configuración moderna pero tamén accesible, polo que pode resultar moi produtivo diversificar o seu funcionamento”.

Antes de rematar, Repetto Morban avanzou que as e os artistas que pro-



tagonizarán as sesións vermú, que terán lugar o xoves 19 e o sábado 21 de setembro, se darán a coñecer proximamente. O Caudal Fest 2024, evento xa consolidado como a última gran festa do verán, terá lugar esa fin de semana. A edición deste ano contará con artistas de renome como Amaral, Mikel Izal, Viva Suecia, Arde Bogotá, entre outros.

Na convocatoria anterior, o Caudal Fest chegou a reunir a 37.567 persoas en Lugo, xerando un retorno

económico de 7,3 millóns de euros para o municipio e creando máis de 350 empregos directos e 2.000 indirectos. Estas cifras reforzan a aposta do Goberno local pola industria cultural como un elemento dinamizador da economía da cidade. Por iso, para o Executivo de Paula Alvarellos, estas sesións vermú son un claro exemplo de como se poden utilizar os recursos existentes para atraer a un público diverso e fomentar a produtividade na contorna.

Inauguran ‘Mexicráneos’, a mostra de arte urbano máis grande de México

Abriu na praza Maior a exposición *Mexicráneos*, unha mostra da cultura mexicana arredor da morte e das celebracións que realizan polo “día de los muertos”.

Trátase dun proxecto artístico que busca eliminar tabús e espertar na sociedade a necesidade de falar sobre a morte enchendo as rúas de arte. Cristina López afirmou que “esta exposición é a maior mostra de arte urbano de México, unha mostra que segundo os organizadores conta con máis de 12 millóns de visitantes en todo o mundo”. No acto de inau-

guración estiveron presentes Carlos Gallego e Eduardo Vázquez en representación do Grupo Albia, empresa organizadora.

A mostra conta con dúas exposicións establecidas actualmente na Cidade de México e en Houston, nos Estados Unidos, xunto cunha mostra itinerante composta por 10 figuras que percorreu distintas cidades do mundo, e que poderá visitarse na praza Maior. En total, a mostra distribuíu 170 cranios monumentais arredor de todo o mundo e contou coa participación de máis de 1.500 artistas



mexicanos e internacionais.

Cada unha das esculturas conta cun panel informativo sobre a artista encargada do deseño, xunto cun código QR que amosa máis información sobre o proceso creativo de cada peza e o significado da mesma. É unha iniciativa cultural que ofrece unha nova forma de achegarse á morte a través da arte. Trátase dunha expo-

sición de arte urbano de cranios monumentais, onde a arte tradicional e moderno se unen grazas ás mans de artistas emerxentes e consolidados que buscan romper o tabú da morte. Mexicráneos é una versión actualizada dos rituais prehispánicos que consistían en adornar os cranios nos enterros e exhibilos durante as cerimonias.

Remata o Urbantour 3.0 en Augas Férreas

O Urbantour 3.0 continúa a revolucionar as rúas de Lugo cunha explosión de ritmo e talento nos últimos días de actuacións. O 5 de setembro será a última actuación ao aire libre, ás 19.00 horas, na Praza de Augas Férreas, que será o epicentro da cultura urbana.

No encontro participaron as escolas Stardance, Ritmo Lugo e Gravity. Cada semana, unha das escolas amosou un novo estilo. As actuacións culminarán coa posta en escena na batalla final o 13 de setembro. Ambas citas son totalmente de balde.

A actividade forma parte do programa +Xti do Concello de Lugo e conta coa colaboración do Ministerio de Sanidade.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Conversa con Carlos Rebolo, actor, narrador e director teatral

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

A piques de comezar as festas do barrio da Milagrosa, teño unha conversa con Carlos Rebolo, actor, contador de historias e director de teatro, a quen lle gusta cualificarse como intérprete que sempre está aprendendo e que ten algunhas das súas raíces neste barrio tan popular.

Como prefires que te chamen Carlos, Charly, Capi?

Bautizáronme como Carlos, pero no barrio dicíanme Capi porque sempre quería ser o capitán cando xogabamos ao fútbol na rúa. Nos anos setenta e oitenta aínda se podía xogar, daquela había poucos coches e o primeiro que vía vir algún berraba "coche" e o que tiña o balón pisábao e quedabamos conxelados, como en pausa, ata que pasaba. O de Charly chegou máis tarde, na adolescencia, foi un xesto de rebeldía que aínda hoxe manteño.

Cal era o teu barrio?

O barrio das Sindicais, un barrio humilde, de xente traballadora. Eu vivía, concretamente, na rúa Sargento Provisional, agora dedicada ao poeta Eduardo Pondal.

Eras entón un neno das Sindicais, pero tamén estabas moi vinculado a outro barrio da cidade, verdade?

Si, ao da Milagrosa, porque meu pai tiña un bar na rúa do mesmo nome, o bar "Lamela", no edificio da Parga que así se chamaba a propietaria. Alí pasaba moito tempo, sobre todo nos veráns.

Barrios moi entrelazados nos que discorría unha parte moi viva da cidade, certo?

Claro, porque despois estaba o "fin

do mundo", a zona da vella residencia sanitaria, onde agora está o novo centro de saúde. Alí había un terraplén e logo eran todo hortas.

Onde estudaches?

EXB no colexio Rosalía de Castro e BUP no Instituto Masculino, que daquela empezaba a ser mixto. Lembro que os rapaces de cursos superiores nos miraban mal aos de primeiro por termos compañeiras nas aulas e tiñan certa envexa. Alí volvinme máis extrovertido e fixen unha chea de amigos. Daquela non había móbiles, saías da casa os sábados pola tarde e sempre te atopabas con alguén polo centro.

E despois do instituto que fixestes?

Meus pais, con bo criterio, puxéronme a traballar pronto porque fun mal estudante no instituto. Traballei durante catro anos nunha asesoría na que aprendín moito, tanto que foi como a miña universidade. Con esa experiencia, asocieime cun amigo e montamos a nosa propia xestoría.

Cando apareceu a túa vocación teatral?

Pois xurdíu en 4º de EXB, xa que tiñamos unha profesora, Maruja Moratinos, que os venres pola tarde organizaba un festival de artes escénicas. Convertía a aula nunha festa e convidábanos a facer algo artístico: cantar, bailar, recitar un poema... No instituto fun a clases de teatro con outro profesor, Camilo Torres. Cando xa estaba traballando, chamáronme do grupo de teatro da Piringalla, "Senlleiro", polo camiño comecei a asistir a cursos, como algún que fixen no Clavi... Ata que unha excompañeira de "Senlleiro" me pediu que fora con ela a un curso organizado polo Concello de Lugo, no Centro Social de Fingoi, impartido por Guillermo Cancelo. Alí coñecín a varias persoas coas que acabei formando Hipócrita Teatro.

Que este ano celebra o seu XX aniversario, non é así?

Oficialmente, porque na práctica comezou a funcionar antes de constituirse formalmente.

Comezaches a túa traxectoria como actor afeccionado pero xa es profesional, desde cando?

Como dicía Chaplin "Todos somos afeccionados, a vida é tan curta que non dá para máis". Quero dicir que non podes deixar de aprender. E eu, a medida que ía aprendendo, sentía a necesidade de dedicarlle máis tempo á miña paixón e dende o amateur non era posible. Foi por isto que, xunto cunha compañeira e amiga, Elea López, creamos a compañía "Ítaca Teatro".

E o primeiro espectáculo cal foi?

Despois de valorar varias propostas, apareceu o texto de "Cinco minutos sen respirar" de Gustavo de Ott que nos namorou. Baixo a dirección de Carlos Neira, comezamos o proceso creativo. Foi complicado, pero moi interesante, e conseguimos estrear a finais de 2018. Aínda mantemos o espectáculo en cartel porque seguimos namorados do texto e da proposta. Pronto retomaremos os ensaios, xa que temos función, o vindeiro 5 de outubro, no Teatro "Pastor Díaz" de Viveiro.

O segundo espectáculo foi "Formigas no peto"?

Si, pero non o ía ser. José Campanari, que xa me dirixira noutro espectáculo profesional fóra da miña compañía, propúxome retomar unha idea súa que non puido levar a escena no seu momento. No proceso creativo comecei a contarlle cousas da miña vida, lembranzas de cando era cativo, historias de familia... e parecéunos que iso era máis interesante para levar a escena nese momento. Así que, xunto con Ana Carreira, seguimos por esa liña e foi aparecendo



a narración oral, o teatro de imaxes e, por suposto, o actoral, que conforman estas "Formigas no peto" que falan do que eu (e outras persoas) consideramos a verdadeira patria de todos nós: a infancia.

Tedes algunha función próxima?

Si, estaremos con "Formigas no peto" o 19 de outubro no Auditorio de Vilalba e ao día seguinte na Casa da Cultura de San Cibrao.

E como xurdíu "Anacos"?

Contando esas historias das que falaba antes, vimos que eran moitas e que tiñamos que deixar algunhas fóra. Pero parecíanos unha mágoa non aproveitar ese material, así que fomos conformando un repertorio propio, só de narración oral, que é ao que chamamos "Anacos". Con esta proposta iremos o sábado 28 de setembro a Rábade. E adianto unha exclusiva: o 4 de outubro estarei un novo espectáculo como narrador: "Instrucións para tomar café", baseado en textos do libro homónimo de Manuel Núñez Singala. Será na "Rúa

do Contos" do FIOT, Festival Internacional de Outono Teatral, de Carballo.

E tamén estiveches colaborando noutras actividades de Lugo?

Síntome moi orgulloso de ter presentado varios anos o concurso de disfraces de adultos no Entroido, de participar na Cabalgata de Reis... e teño un recordo moi especial do primeiro personaxe que saíu de Ítaca Teatro, "O Gran Luguini", o mellor mago mundial de todos os tempos, que foi concibido para dar publicidade aos actos de LugoMáxico durante dúas edicións.

E para rematar que queres engadir?

Animar á xente a ir ao teatro e a participar das actividades culturais que hai na cidade. E, por outra banda, dicir que é unha mágoa que non se coñeza máis, fóra de Lugo, o traballo que facemos as compañías profesionais lucenses. Penso que entidades, empresas e as propias compañías deberíamos colaborar para poñer en valor e visibilizar o tecido cultural que temos.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

BRAIS

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Ceita...)

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y

C.E. Dragón S.A.D.

Menú del día 12 €

Braís CARNICERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENLEIRA CACHENA

Servimos a
-HOSTELERÍA
-COLEXIOS
-DOMICILIO

PREPARAMOS CARNES E LEGUMES CALDES PARA CONVELADOR

Éche o que hai!!!

- FENDA GOURMET
- BODEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRODUCTOS
- CALLEDE PREMIUM

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

“Compartimos estas xornadas arredor da música, o baile e a gastronomía”

Cántigas e Frores organiza a nova edición da Feira do 48 o 7 e 8 de setembro

Lucía Blanco

Música, baile, tradición, artesanía e gastronomía. Estes son os eixes de cada unha das edicións da Feira do 48, unha cita que naceu no 2018 da man da Asociación Cultural Cántigas e Frores para conmemorar o seu 70 aniversario e que este ano chega a súa sexta convocatoria na que colaboran a Deputación de Lugo e o Concello. “Foi como organizar unha festa para celebrar o noso aniversario. Sempre a facemos nas primeiras semanas de setembro porque coincide coa data da fundación da asociación no 1948 e é o que lle dá nome á feira”, conta Bruno Villamor, o director artístico.

O 7 e 8 de setembro a praza Maior de Lugo converterase no epicentro do mundo da cultura tradicional galega. Músicos, artesáns, bailadores e mestres de prestixio compartirán de novo espazo para poñer en valor a riqueza e grandeza do noso patrimonio material e inmaterial. “Xira todo en torno ao mundo tradicional, que é ao que nos dedicamos todo o ano. Montamos postos de artesáns de instrumentos e traxes tradicionais, tamén teremos unha caseta de polbo e actuacións

musicais os dous días”.

Entre os grupos convidados, ademais das distintas formacións oficiais do colectivo como o grupo de cantareiros ou a banda de gaitas, están os Carunchos, Bailai Malditos e as pandereteiras Lina e Lola. Emilio Españañero, director e presentador desde 1992 do programa radiofónico especializado na música folk Lume Na Palleira, será o encargado de dar o pregón este ano. Un papel que desempeñaron anteriormente o historiador e expresidente da asociación, Adolfo de Abel Vilela; o investigador da cultura tradicional galega Isidoro Rodríguez e os xornalistas Xulio Xiz e Paco Nieto, entre outros.

Con este ambiente das feiras de antano a través do que se rememora como era a vida na cidade no século pasado e co que se homenaxea aos seus habitantes esperan reunir a un bo número de lucenses e visitantes. “Oxalá que teñamos moitísimo público ao longo dos dous días. Houbo edicións nas que houbo máis ou menos xente, pero tamén nos pillou a pandemia polo medio, coma quen di estabamos arrancando o proxecto”. E de novo intentarán transcender as xera-

cións porque un dos seus obxectivos é achegar a tradición aos máis cativos, incentivar a súa participación en actividades culturais e animalos a formar parte do tecido asociativo que mantén viva a nosa cultura.

“Nós o que queremos é que se acheguen todos os amantes da música tradicional e tamén os que non o son para compartir unhas xornadas bonitas arredor da música e do baile tradicional nas que tamén temos gastronomía”, di. De feito, os máis pequenos teñen o seu protagonismo no programa a través dun obradoiro de baile tradicional. A planificación dunha iniciativa destas características non resulta doada e menos para un colectivo coma o seu que mantén unha intensa actividade ao longo do ano, pero paga a pena. “Todo leva tempo pero con ilusión e ganas de traballar lévase ben. A parte máis complicada sempre é o tema da financiación, conseguir os cartos”.

Cántigas e Frores naceu tras a unión de Frores e Silveiras e Cántigas e Aturuxos, agrupacións que proviñan da excisión do Orfeón Galego dirixida polo mestre Xoán Montes,



e dende ese momento está vencellada á dinamización da vida cultural lucense. A Feira do 48 volverá ser unha boa mostra do traballo deste colectivo que, a través dos seus cursos, da súa escola, das súas

actuacións dentro e fóra da península e de iniciativas coma a do Festival de Cultura Tradicional San Froilán ou Cántigas na rúa, segue loitando e defendendo os nosos costume e o noso legado cultural.

Abre o prazo para participar no proxecto mestres gandeiros

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET), volverá apostar o próximo curso polo proxecto Mestres Gandeiros, unha iniciativa educativa que desde a súa posta en marcha no ano 2022 xa conseguiu concienciar e sensibilizar a máis de 2.200 escolares galegos sobre as boas prácticas agrarias e medioambientais do medio rural que contribúen ao coidado da paisaxe e da biodiversidade.

O prazo para poder inscribirse na terceira edición desta acción forma-

tiva, enmarcada no Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, seguirá aberto ata o 27 de setembro polo que todos os centros interesados en participar aínda están a tempo de facelo a través do portal educativo da Xunta.

Esta iniciativa xurdiu como resultado do proxecto Interreg Europe Biogov, desenvolvido no período 2018-2021 e no que Galicia foi pioneira a nivel nacional ao ser, a través do IET, un dos nove socios europeos que participaron na súa execución.

O curso escolar comezará o 11 de setembro en Infantil e Primaria

Os centros de Infantil e Primaria comezarán o curso o vindeiro 11 de setembro cun total de 174.998 alumnos, o que supón un descenso de 4.030 estudantes respecto ao curso 2023/24. A pesar deste descenso de matrícula, estes centros contarán co mesmo número de aulas. En concreto, no caso dos colexios públicos, haberá en funcionamento 7.336 aulas, dúas máis ca no ano académico que vén de rematar. Ademais, o

número de mestres incrementárase nestes niveis respecto do ano anterior, con novas incorporacións ata o mes de setembro.

A aplicación do acordo sindical permite manter abertas 204 aulas que, coas rateos anteriores, pecharían. Deste xeito, estímase que o acordo vai permitir manter arredor de 900 aulas abertas nos tres próximos cursos, malia a caída da natalidade, para dar así unha atención máis per-

sonalizada ao reducirse a cifra de estudantes por aula.

Cómpre lembrar que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP recibiu 14.379 solicitudes de praza para nenos e nenas que entran por primeira vez no sistema en 4º de Infantil. Isto supón que quedaron libres arredor do 32% das 21.137 prazas ofertadas. O 97% das familias acadan praza no centro solicitado como primeira opción.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

1º CALIDAD
2º PRECIO
3º SERVICIO

**PORCELÁNICO
TEKA**
Medidas 15x90

12€ m²
+IVA

Posibilidad de reparto gratuito
y de completar su pedido con
otros materiales
*hasta fin de existencias

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

O PP critica o fracaso na segunda convocatoria do PERTE da auga

Antonio Ameijide e Elena Candia, voceiros do Grupo Provincial e do Grupo Municipal do Partido Popular respectivamente, valoraron os resultados das solicitudes do segundo PERTE da auga na capital e na provincia. Para eles tanto o Concello como a Deputación de Lugo fracasaron de novo na segunda convocatoria. Afirmar que o Concello de Lugo obtivo a peor nota (32 puntos) de todas as solicitudes realizadas polas 11 entidades municipais na provincia.

“Presentaron o mesmo proxecto que hai un ano e pensaban que ían conseguir un resultado mellor?”. Elena Candia afirma que o ciclo da auga “non é unha prioridade” para o Goberno local xa que o Concello de Lugo ten a brigada municipal totalmente desmantelada e cunha rede carente de investimento dende hai anos con fugas incontroladas: “por responsabilidade teñen

que dar explicacións a todos os lucenses” Para eles este resultado débese a que “non contaron nin cos técnicos municipais especialistas na materia nin coa empresa que xestiona o ciclo da auga para realizar o proxecto, optaron por contratar a unha empresa de fóra, cobrando 20.570 euros en dous contratos menores, para presentar unha documentación que nin superou o corte”.

Pola súa parte, o Concello de Lugo asegura que está a xestionar 44 millóns de euros de fondos europeos. A convocatoria do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MITECO) á que optaba o Plan Aquavanza foi unha das máis concorridas, coa presentación de 50 proxectos de máis dun cento de entidades, de 1.155 municipios distintos, nesta segunda convocatoria do PERTE para a mellora da dixitalización do ciclo urbano da auga.

Empresas locais mostran interese en colocar colectores marróns

Lugo acolle unha serie de encontros dirixidos a empresas e entidades que desexan participar no programa municipal de compostaxe para grandes xeradores de residuos. Esta iniciativa, enmarcada na estratexia de sustentabilidade impulsada polo Goberno de Paula Alvarellos, ten como obxectivo incorporar empresas, centros educativos e colectivos sociais a un proceso que promove a economía circular a través da reutilización de residuos orgánicos.

O edil Miguel Fernández salientou a importancia de que o sector empresarial se sume a este proxecto. “As empresas deben comprender que a sustentabilidade é unha responsabilidade compartida. Reintroducir os residuos na cadea produtiva reduce o consumo de recursos e mellora a eficiencia na xestión, xerando un importante beneficio medioambiental”.

Esta nova fase chega tras a instalación dos primeiros colectores marróns na zona sur de Lugo, que xa



contan con máis de 400 usuarios rexistrados. Agora, o Concello busca ampliar o alcance do proxecto, instalando compostadores de 240 litros con apertura con chave para grandes xeradores, axustándose ás súas necesidades específicas.

O programa ofrece unha oportunidade única para que as empresas melloren a súa eficiencia ambiental e económica, e estas poderán coñecer todos os detalles nos encontros informativos previstos para a próxima

semana. Fernández concluíu destacando que este modelo de xestión non só cuida do medio ambiente, senón que tamén axuda ás empresas a reducir custos, fomentando unha maior responsabilidade ambiental no tecido empresarial lucense.

Estas accións reafirman o compromiso do Concello de Lugo coa construción dunha cidade máis sostible, involucrando tanto á cidadanía como ás empresas na mellora da xestión dos residuos orgánicos.

O Emprega-T Fest, a iniciativa para conectar o talento coas empresas

O Concello de Lugo organiza o vindeiro 19 de setembro, da man do Campus Terra da USC e a Asociación de Empresarios de O Ceao-As Gándaras, o Emprega-T Fest, unha cita que busca conectar o talento local coas empresas da cidade. O evento, que terá lugar na Praza Horta do Seminario en horario de 10.00 a 19.00 horas, ten como obxectivo potenciar as oportunidades laborais das persoas demandantes de emprego ou con ganas de mellorar a súa situación profesional.

Os asistentes ao Emprega-T Fest poderán participar en actividades que faciliten a súa incorporación ao mundo laboral, interactuando con recrutadores de empresas de distintos sectores, asistindo a conferencias e mesas redondas, potenciando as súas competencias e habilidades comunicativas a través dos obradoiros e presentando o seu talento nas entrevistas rápidas coas empresas. Neste senso, o edil animou a todas as persoas interesadas a rexistrar os seus respectivos currículos a través da páxina web do evento ata o 17 de setem-

bro ás 14.00 horas.

Así, a cita contará con espazos espaciais onde as empresas presentarán a súa oferta de Recursos Humanos e como desenvolver a carreira profesional dentro delas; unha zona de entrevistas rápidas ou Speed Dating, na que se realizarán entrevistas dunha duración de 15 minutos entre empresas e persoas candidatas; así como mesas redondas, charlas de empresas e talleres formativos vinculados ao mercado laboral. Tamén se contará cun espazo de ocio onde as persoas asistentes poderán desfrutar de food trucks e música en directo. As charlas e mesas redondas estarán impartidas por expertos de diferentes sectores. Nestes encontros informativos e de debate abordaranse temas como as tendencias do mercado laboral, as habilidades máis demandadas polas empresas, consellos para mellorar a empregabilidade e moito máis. Ademais, a través dos obradoiros ofrecerase aos participantes ferramentas útiles e aplicables na busca de emprego.

Rebaixan o canon aos 500 euros para xestionar a cafetería do CEI Nodus

A Xunta de Goberno Local aprobou as bases da nova convocatoria para a adxudicación da cafetería do CEI Nodus. Así o informou o concelleiro de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, quen subliñou que “retomamos o proceso de licitación desta dotación municipal, ofrecendo unhas condicións máis vantaxosas para facer máis atractiva a concesión”.

Deste xeito, o canon pasará a ser de 500 euros ao mes –6.000 euros ao ano, polos 9.600 da anterior convocatoria–; así mesmo, permitirase o peche do establecemento durante o período estival durante 15 días e ampliarase o requisito da experiencia previa en hostalería ata os últimos 10 anos, tendo en conta que no primeiro proceso se esixía que esta fose demostrable nos últimos 5 anos.

A duración da concesión será dun mínimo de dous anos, a partires da sinatura da acta de inicio da explotación e, rematado este período, poderase prorrogar por acordo mutuo das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de oito anos máis, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de dez anos.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

“Temos grupos cun máximo de 3 nenos para ofrecer unha educación de calidade”

A academia de reforzo e idiomas El Búho aposta por un enfoque práctico orientado ao futuro profesional

Lucía Blanco

“Suplir as faltas do sistema educativo inspirándose no modelo suízo”. Baixo esta filosofía traballan Cristina Álvarez Recamán e Pablo Alén Martínez da Academia El Búho, que non é un centro convencional. Os grupos reducidos, a atención individualizada e o enfoque práctico e orientado cara o futuro profesional caracterizan as súas clases particulares de reforzo de Primaria, ESO e Bacharelato. “Consideramos que se unha persoa está pagando por un servizo privado ten que ter a máxima atención. Temos grupos cun máximo de 3 nenos, porque queremos que sexa unha educación de calidade e iso non o podemos facer cun grupo máis extenso”, conta Cristina.

Ademais, ofrecen cursos de perfeccionamento de alemán, italiano, inglés, do que se encarga Pablo que viviu en Manchester, e francés, que imparte Cristina. “É a lingua dos organismos oficiais e ábrelles portas aos rapaces a nivel profesional. É un éxito rotundo. Este ano fomos aos exames oficiais de Alliance Française e aprobaron todos. Eu son suíza e española, de aí ese enfoque que resulta curioso. Intento trasladar o que me ensinaron en Suíza e traelo aquí”.

Esta avogada de formación tamén se encarga de preparar a alumnado para as oposicións. “É un ámbito descoñecido para os rapaces. Moita xente non ten nin idea de como se pode ser funcionario en todos os empregos públicos que hai. Por exemplo, preparamos para policía e os nenos pensan que tes que ir á universidade e non é obrigatorio”. Trátase dun tipo de atención que

agradecen tanto as familias como os rapaces. De feito, entre os seus matriculados contan con casos de TDAH. “Estivémonos informando cun especialista que nos recomendou que tiñan que ser tratados coma os demais pero cunhas actividades máis dinámicas. Adaptámonos aos informes e ás recomendación dos especialistas en cada caso e funciona”.

En El Búho apostan por axudar a encamiñar o súa traxectoria académica grazas a testemuños reais: “De primeira man é cando realmente se pode ver e preguntar como é unha profesión”. Por iso puxeron en marcha un campamento urbano este verán co obxectivo de “trasladar a falta que hai no sistema educativa español e mostrarlles o que é o punto de vista práctico para que teñan claro o seu itinerario académico, porque dependendo do que queiras facer estudias unha cousa ou outra”. A iniciativa incluíu obradoiros de judo, billar e primeiros auxilios e visitas ao Colexio Oficial de Médicos, a clínicas veterinarias ou a estudos de arquitectura sempre adaptadas ás demandas dos alumnos.

Campamento urbano

“Intentamos organizar visitas, encontros e charlas enfocadas aos rapaces que teñen unha vocación clara e tamén para aqueles que queren saber máis sobre unha materia a raíz dos talleres”. Por exemplo, entre os seus participantes encontrábase un futuro arquitecto. “Tivemos moitos talleres de construción e enxeñaría e fomos a unha empresa de reformas e un estudo de arquitectura. Ensináronlle todos os programas que usan e ese ra-



paciño cunha sinxela aplicación xa monta uns planos”. Outra das compañeiras decantábase pola creatividade e o mundo artístico. “Pres-támoslle unha parede e coa miña axuda fixemos un mural. Contamos coa visita de Diego As que nos deu a súa opinión e os seus consellos que a animaron moito”.

Estas propostas sumáronse ás horas de inglés “con actividades de todo tipo, porque non é unha clase convencional”. Por exemplo, “está o xogo dunha pizza no que eles teñen que ir poñendo os ingredientes e pedindo. Son moi pequeniños pero intentamos, nunha situación real e mediante o xogo e a diversión, que vaian aprendendo a falar, a formular preguntas e a adquirir vocabulario”, afirma. O bo sabor de boca que deixou esta iniciativa levounos a moitos a seguir neste curso na academia, que ofrece

matrícula gratuíta e un horario de luns a venres de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 e algúns sábados.

“Moitos repiten e outros coñecerónnos a raíz do campamento e animáronse a apuntarse con nós”. Porque mediante o seu trato próximo a través de grupos pequenos, a súa metodoloxía lúdica e o seu enfoque cara o mundo laboral logran garantir os bos resultados académicos do alumnado. “Están encantados, ademais temos un patio onde poden xogar e cos máis pequenos tamén aproveitamos a facer actividades dinámicas fóra se fai un bo día porque sabemos que pasan moito tempo sentados”.

Rúa Tui, 76, baixo, 27004

685 998 977

Instagram:

academiadeestudioselbuho

Últimos días para solicitar as axudas para rexenerar as vivendas no centro

Ata o próximo 11 de setembro permanecerá aberta a convocatoria para concorrer ás axudas á rexeneración de vivendas no Centro Histórico de Lugo, baixo criterios de eficiencia enerxética, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, que destina un investimento de 850.986 euros.

A través desta convocatoria, que se está a xestionar dende a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (Evislusa), o Executivo municipal poderá impulsar a rexeneración en aproximadamente medio cento de vivendas, situadas no recinto amurallado e na súa zona de influencia, área coincidente coa delimitada polo PE-PRI.

Poderán optar a esta subvención aquelas persoas ou entidades propietarias de inmobles dentro da contorna do Centro Histórico de Lugo para obras relacionadas coa conservación e mantemento de inmobles ou a adopción de sistemas de aforro da enerxía e mellora da eficiencia enerxética. Entre outros traballos, contéplanse actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos inmobles de tipoloxía residencial colectiva.

Tamén poden solicitar esta subvención quen teñan realizado as obras nos últimos catros anos, sempre que cumpran os requisitos das axudas, cuxas bases reguladoras poden consultarse na propia convocatoria, publicada no BOP de Lugo do 10 de xullo de 2024. Os criterios de avaliación se basean nunha gradación de puntuacións en función, por unha banda, do tipo de obra a realizar e, por outra, en función da catalogación establecida para o inmovible.

Ahorra o nunca!!!

Estrena

hybrid

HIBRIDO

...en LugoMotor!

FORD PUMA

HYBRID

por

22.990*

* Consulta condiciones financiación.

TU NUEVO LOCAL DE COPAS EN EL CENTRO

RÚA CATEDRAL, 14 - LUGO



Actúan en 850 metros do rego de Vilamoure

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Esta semana comezaron unha intervención, de natureza puntual e selectiva, ao longo dos 850 m do Rego de Vilamoure, co obxectivo de mellorar a capacidade hidráulica do leito (inclusive a extracción de tapóns illados ao longo do tramo) e da composición da vexetación de ribeira.

Para iso procédese á retirada de árbores secas, en pé e derrubados

con estabilidade comprometida e á eliminación de tapóns limitadores do paso de auga. Estes traballos executaranse de forma manual nas ribeiras e con apoio de maquinaria para retirar as madeiras situadas dentro do propio leito.

No caso de curtas de amieiros, aplicaranse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*. O investimento estimado superará os 19.000 euros. As actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2024.

Melloran a cobertura móbil en catro das parroquias de Lugo

A aprobación dunha addenda de modificación do convenio entre a Federación Galega de Municipios e Provincias, Fegamp, e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, permitirá a mellora da cobertura móbil en catro parroquias. En concreto, a primeira actuación suporá a instalación dunha torre en San Pedro de Mera, que dará servizo ás zonas escuras de varias parroquias, como Poutomillos, Bacurín e Santa Eulalia de Bóveda.

O Concello puxo a disposición da Amtega os terreos nos que se instalará a torre mentres que anunciaron tamén que xa están avanzadas as negociacións para determinar os pre-

dios nos que se poderán instalar as outras dúas torres, coas que se quere garantir tamén a cobertura móbil noutras zonas do leste do municipio, que afectan ás parroquias de Gondar, Carballido, Romeán e Bascuas, así como outros núcleos ao oeste da cidade como Santa María Alta, Piñeiro, Outeiro, Camoira, Adai, Torible ou Vilachá de Mera, entre outras.

A addenda de modificación do convenio establece que o Concello de Lugo terá que colaborar no financiamento da execución das acometidas eléctricas ás infraestruturas públicas de soporte ás redes de comunicación móbil se o custo económico é superior ao orzamento establecido

inicialmente que financiará a Amtega e que se fixa en 30.000 euros por acometida.

Polo tanto o Concello de Lugo aportará a parte que exceda desa contía, fará entrega dos terreos para a instalación das torres e porá a disposición os medios materiais que permitan o acceso ás parcelas, traballos que desempeñarán desde o Parque Móbil e desde a Brigada de Obras do Rural. Tamén é función do Concello de Lugo colaborar na execución das acometidas eléctricas, de cara a minimizar os custos, e facilitar a consecución dos permisos precisos para contratar unha potencia que garanta a prestación.

O Concello acondicionará 22 sendas na contorna rural e urbana

O Concello acondicionará 22 sendas no entorno rural e urbano con cargo ao Plan de Sostibilidade Turística, *Et edendo, Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía*.

O obxectivo desta iniciativa é crear unha serie de rutas, adaptadas a todas as idades e condicións físicas, a través das que tanto a veciñanza lucense como as persoas que nos visiten poidan coñecer o noso rico patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e, como non, gastronómico. Deste xeito, as sendas propostas, que contarán con diferentes distancias —desde un quilómetro e medio a máis curta, ata 35 quilómetros a máis longa— percorreren enclaves estratéxicos do municipio, permitindo aos camiñantes coñecer os principais reclamos turísticos de Lugo, ao tempo que disporán dun compoñente enogastronómico, coa Fábrica da Luz como lugar de referencia.

A iniciativa levarase a cabo en dúas fases. Na primeira estase a traballar na xeolocalización dos roteiros e a análise do seu estado actual, ao tempo que se están a dar pasos para a súa homologación; mentres que será na segunda fase cando se leven a cabo os labores de acondicionamento das sendas, mediante a súa sinalización e a realización de diferentes traballos de mellora para garantir o óptimo estado das mesmas". Por último, busca redefinir o modelo de desenvolvemento turístico, cara un patrón máis sostible, reducindo a pegada de carbono nas actividades turísticas e acelerando os procesos de dixitalización do sector.



Case medio millón de euros para a rede viaria

Este mes comezan tamén unha serie de melloras do firme en diversos camiños e estradas da rede municipal, ás que destinará máis de 330.000 euros, con cargo ao Plan Único de Cooperación da Deputación de Lugo. Ademais, o Goberno local impulsará outras actuacións no trazado viario con remanentes do 2023 e con fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. A totalidade dos traballos superará os 450.000 euros de investimento. As obras programadas inclúen intervencións significativas en varias localizacións. Así, a área de Cohesión Territorial prevé abordar a través desta canle o acondicionamento da estrada que comunica a N-VI coa LU-2902, actuación orzamentada en 120.800 euros. Outra

das obras de envergadura e que tamén ten carácter prioritario para a concellería é a mellora da comunicación entre os núcleos de Barreiro, Faxilde e Cuiña, na parroquia de Saa, labores aos que se destinarán 110.556 euros. Do mesmo xeito, con cargo a estes fondos, arranxarase o firme na vía que comunica Camiño do Souto coa Garaballa de Abaixo e actuarase no núcleo de Calde e nas parroquias do Veral e Orbazai. O importe das tarefas vinculadas ascenderá a 325.245 euros.

A rexedora destacou que "a mellora destas infraestruturas é esencial para garantir o asentamento de poboación e o crecemento dos núcleos, como parte vital do desenvolvemento da nosa identidade".

ALQUILA TU ESPACIO PRIVADO PARA CUMPLES

DE LUNES A DOMINGO

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS (LUGO)

HINCHABLES, FÚTBOL, JUEGOS, MINI DISCO Y MUCHO MÁS...

606 804 864 Total sport

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Pedro de Romeán

O núcleo, por onde pasa unha variante do Camiño, é un lugar privilexiado con arquitectura tradicional

A uns 14 quilómetros de Lugo, encóntrase esta parroquia, por onde pasa unha variante do Camiño Primitivo documentada dende a Idade Media e que levaba ao Trece de Adai, unha das feiras cabalares máis importantes de Galicia. Os tratantes e o gando durmían a véspera en Romeán para chegar ben frescos á feira. Limita ao norte con Gondar, ao leste e ao sur co concello de Castroverde e ao oeste coas parroquias de Bascuas e Carballido. Localízase xunto á estrada N-630 á Fonsagrada, que divide o núcleo en dúas metades. Tres pequenas aldeas compoñen esta poboación, delimitada polo

río Chamoso o polo pequeno regato Romeán. Son Tellado ao oeste, Saboleiro ao norte e Outeiro ao este. A parroquia é un lugar de privilexio para todos os amantes da arquitectura máis tradicional, pois a maioría das casas, algunhas delas de gran tamaño, son de cantería e amosan ben a súa antiga beleza agraria. No núcleo e nas súas inmediacións pódense ver magníficas árbores, especialmente castaños algúns mesmo centenarios.

A igrexa parroquial, de tipoloxía barroca tradicional, encóntrase entre Tellado e Saboleiro. Ten unha planta rectangular, con perpiños á vista, enlucidos no muro posterior, cuberta de lousa a tres augas. Conta cunha espadana con dous vans con dúas campás. Ao redor do templo, que é posterior ao século XVIII, está o cemiterio delimitado por un muro e ao outro lados unha masa arbórea de castiñeiros e carballos frondosos. Na aldea de Outeiro destaca un pazo barroco, coñecido hoxe como Casa de Arias, con escudo e gran balconada posterior. Na parroquia tamén se mantén parte do noso legado castrexo pois está a Cunca do Castro, recinto castrexo



cunha acrópole duns 70 metros de diámetro, e o Castro de Lagoa. A aldea de Gude, composta por boas casas de cantería bastante agrupadas, está sobre o río Romeán e merece unha visita pola súa beleza arquitectónica e natural.

Romeán presenta edificacións agrupadas nas zonas máis antigas dos núcleos alternando con edificacións máis dispersas unindo estes núcleos. As casas manteñen as tipoloxías tradicionais, mediante fábrica de lousa, como amosan os exemplos de Gude, ou cachotería de granito e cubertas con laxas de lousa. O resto do territorio, que descende con suavidade cara ao río e en parte presenta unha superficie lixeiramente montañoso, está cuberto por prados densos.



Ahorra o nunca!!!

Estrena

HIBRIDO

...en LugoMotor!

FORD

FOCUS

HYBRID

por

22.990*

* Consulta condiciones financiación.

¡VUELTA AL COLE!

Tenemos todo el material que necesitas

Material escolar - Papelería
Libros - Material Oficina
Juguetería - Regalos

Síguenos en

Librería **Troll**



O PP esixe suprimir os pasos a nivel en Recimil

O PP de Lugo esixe retomar das obras de supresión dos pasos a nivel en Recimil tras anos de atrasos. Hai un ano, en xullo, dous mozos perderon a vida tras ser arroados por un tren de pasaxeiros mentres cruzaban un dos pasos a nivel desta zona. Despois do suceso, ADIF anunciou a clausura provisional do paso a nivel 424/010 ata que se eliminase de forma definitiva. Porén, os populares denuncian que, a día de hoxe, o plan de supresión dos pasos a nivel

segue sen materializarse, e a medida “provisional” mantense sen avances visibles.

Os populares levan anos reclamando solucións. Xa en 2017 publicouse o prego para a redacción dun proxecto que viu a luz en 2019, pero, a día de hoxe, en 2024, ou ben está paralizado ou sen iniciar. Os populares fanse eco das demandas veciñais, reclamando que se avance nas medidas adoptadas ou se adopten solucións definitivas para evitar máis traxedias.

Actuarán no acceso aos Lagos de Teixeira e na parroquia de Coeses

O Concello de Lugo acometerá a mellora do camiño de acceso municipal á área recreativa dos Lagos de Teixeira. Unha intervención na que o Goberno local investirá un orzamento de 112.452 euros, con cargo aos fondos Agader. O obxectivo é recuperar e revitalizar esta área recreativa de gran valor histórico e natural.

Os Lagos de Teixeira foron durante décadas un lugar emblemático para o lecer e a recreación da veciñanza de Lugo. Con todo, nos últimos anos, o espazo sufriu un deterioro considerable que minguou a súa capacidade de atraer visitantes. Esta situación

motivou diversas reclamacións por parte do Goberno local á Xunta de Galicia para a súa recuperación.

Ademais acometerán a limpeza dos terreos do antigo punto limpo da parroquia de Coeses. Esta acción vén motivada pola presenza de lixo acumulado de forma ilegal, que provocou un pequeno incendio.

A empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos xa realizou catro limpeza neste punto desde que o servizo foi renovado hai dous anos. A última destas limpeza tivo lugar en novembro de 2023, e supuxo a retirada de 85 toneladas de lixo.

“Avísannos o mesmo día de se temos médico ou non”

Os veciños de Nadela temen que se produza o peche definitivo do seu centro de saúde, que estivo sen facultativos durante todo o verán

Lucía Blanco

O mes de setembro implica a volta ao traballo, aos estudos e, para os veciños de Nadela, a incerteza sobre a apertura do seu centro de saúde, que leva máis de dous meses pechado e que atende a máis de 700 persoas. “Xa levamos varios anos nos que non temos médicos no verán e no inverno este último ano a atención era escasa, igual tiñamos o servizo uns 2-3 días a semana”, explica Beatriz Jato, portavoz da plataforma en defensa deste consultorio.

Iso sería segundo a teoría, porque na práctica a situación cambia lixeiramente. “O resto do ano supostamente temos médico 3 días á semana, pero é que xa non sabemos que 3 días temos. Moitas veces igual só temos 2 ou se coincide cun festivo igual só 1 e mesmo avisan o propio día”. Esta veciña explica que é bastante frecuente que os pacientes se despracen ata o centro, onde se atopan coa sorpresa de que están sen servizo. “Ten pasado que vas e encóntraste unha nota indicando que pechan porque non os poden atender e a xente alí esperando. Moitos maiores non miran a aplicación e non viven ao lado, van andando ata o consultorio e encóntrano pechado. Tamén pasa que chaman aos pacientes que tiñan cita o propio día para dicirlles que vaian para Lugo porque non hai médico”.

As previsións son que se retomen as consultas, como vén sendo habitual, nestas semanas. “Dinnos que abrirá en setembro pero o



ano pasado tardou tempo dende que o anunciaron, uns 15 días máis ou menos”. Mentres derivamos a Fingoi. “Alí xa son moitos, entón pides vez e igual tes que esperar unha semana para que te atendan e moitas veces acabas por ir a urxencias”. Ademais dos retrasos nas citas e da saturación na atención, non prestar o servizo neste núcleo implica desprazamentos, en moitos casos, para persoas maiores e con problemas de mobilidade, tal e como explica outro dos usuarios habituais.

“Fan que persoas independentes acaban sendo dependentes. Eu teño 2 persoas maiores ao meu cargo que poden ir e vir andando ao centro de saúde perfectamente, pero ao pechalo e ter que ir a Lugo xa necesitan que alguén os leve, tirar do servizo de bus que tamén é o que é ou pedir un taxi”. Para este lucense este período sen atención primaria na parroquia tradúcese en “ter que pedir no traballo para que eles poidan ir ao médico”. Ademais, Jato denuncia o feito de que non contan cun médico fixo. “O que tiñamos ten a súa praza en Outeiro e el estaba encantado de vir para aquí máis tempo pero o problema é que non sacan a praza, está sen cubrir e non ten pinta de que iso cambie”.

Esa falta de continuidade na relación entre o facultativo e o paciente acaba facéndose notar nas consultas. “Hai xente maior con patoloxías que precisa un seguimento e toma unha medicación determinada e igual lle van cambiando o que toma e non poden ter un seguimento continuado como necesitan”, explica Beatriz. Despois de anos sufrindo esta problemática que empeora na época estival, o que máis temen é o peche definitivo do seu consultorio. “Nós o que cremos que están facendo, porque é o que están facendo con outros centros como

pode ser o de Castro, é dar un servizo mínimo para que a xente se cansen. De feitos moitos, xa cansaron e marcharon para Fingoi porque prefiren ter un médico fixo”.

SINATURAS. A situación xa se fai notar no número de pacientes que ten asignado o centro. “Atendía a unhas 900 persoas e xa imos en 700. Baixou moito porque se non tes un servizo mínimo non merece a pena e moita xente vai-se. Nós cando queremos pedir vez en Fingoi temos que pedila dende Nadela e damos unhas horas determinadas”. Por iso, non descartan continuar facendo mobilizacións ou actos simbólicos para denunciar o abandono no que se encontran, que se sumaría ao preto de mil sinaturas que entregaron na Delegación Provincial da Xunta de Galicia de Lugo.

“O ano pasado dixéronnos que non se ía a pechar e que se ía atopar unha solución, pero non foi así. Tamén fixeron unha reunión pero non foi con todos os veciños e a cousa segue igual e non dan unha explicación”. Polo momento, van esperar a ver que sucede neste mes de setembro para decidir os pasos seguir. “Teremos que continuar protestando porque isto é a crónica dunha morte anunciada. Cada vez pechan máis, ao principio só pechaban un mes, agora xa son dous. Antes tiñamos médico todos os días ata que se retirou Bernardino e foi cando perdemos o servizo completamente”, lembra Beatriz.

Pero teñen claro que non a parar de loitar pola defensa da súa sanidade. “O que pedimos é poder ter un médico que nos atenda todos os días, porque nós non eliximos cando nos poñemos enfermos, ou que polo menos se manteñan os 3 días de servizo. E que contemos cun médico fixo, que non teñamos que estar explicando cada vez que imos as nosas patoloxías”.



Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo



Os veciños de Castelo demandan melloras

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o xefe do Servizo de Estradas, Gerardo Pallares, reuníronse cunha representación das asociacións de veciños de Castelo para abordar as demandas relativas á seguridade da estrada LU-530. Nos últimos anos, a poboación da zona aumentou, convertendo a vía nunha estrada con características máis urbanas. Durante o encontro, Javier Arias explicou que a LU-530 está suxeita á normativa de estradas de Galicia, que establece restricións para as vías con elevado volume de tráfico, como é o caso desta estrada, que rexistra unha intensidade media diaria de 10.300 vehículos. Esta normativa impide a instalación de

elementos como bandas reductoras de velocidade ou pasos de peóns mentres se mantéña o tráfico. Arias comprometeuse a ampliar o tramo de redución de velocidade a 50 km/h ata a intersección coa estrada LU-P-2927, tal e como solicitaron os veciños, beneficiando así unha parte importante do barrio. Os representantes da Xunta manifestaron a súa disposición a transferir ao Concello o tramo de estrada afectado. Esta transferencia permitiría que a administración municipal, ao tratarse dunha vía urbana, puidese executar actuacións máis adaptadas ás necesidades da comunidade local, sen as limitacións impostas pola normativa de estradas interurbanas.

Veciños fundan unha plataforma contra a planta química de Coeses

Máis de sesenta veciñas e veciños, integrantes da plataforma 'Lugo... non quere cheiros', que levan meses mobilizados en contra da instalación de planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización en Coeses, reuníronse coa alcaldesa. O encontro serviu tanto para presentar dita plataforma, como para que os seus integrantes informaran á alcaldesa dos pasos a seguir e coñeceran a postura do Goberno local que "segue a ser de total rexeitamento a dita planta", tal e como o puxo de manifesto e como tamén constatou a edil de Cohesión Territorial, Ana González Abelleira. O Concello brindou o seu total apoio aos actos previstos por esta plataforma, entre eles, a manifestación en contra da instalación deste proxecto industrial, prevista para o vindeiro día 27 de setembro. Os veciños leron o manifesto da plataforma, no que se explican as principais razóns polas que opoñerse á



construción da planta, tales como "emisión de gases contaminantes, prexudiciais para a saúde; afectación a espazos naturais protexidos; risco de afectar a acuíferos e pozos con vertidos de augas sucias; previsión de 53.000 toneladas ao ano de residuos cárnicos, de conserveiras e outras industrias, que serán transportados en camións polas estradas de Lugo e, sobre todo, os cheiros que afectarán a toda a cidade provo-

cados pola descarga de 25 camións diarios de entrañas de animais, peixes e restos lácteos". Alvarellos Fondo trasladou aos representantes do citado colectivo que a CHMS, como organismo competente neste eido, e que xa emitiu un informe desfavorable. Asegurou que están a analizar e a emitir as súas conclusións en resposta ás solicitudes da Xunta con independencia das alegacións presentadas polo PP.

Comezan os traballos de conservación no Miño ao seu paso por Ponte de Ombreiro

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está a intensificar os traballos de conservación e mellora dos leitos na provincia de Lugo. Unha das cinco brigadas que operan na provincia iniciou actuacións no río Miño, na zona de Ponte de Ombreiro. Os traballos comezaron despois dunha inspección previa solicitada pola Asociación Veciñal, na que se detectaron restos acumulados, árbores secas e árbores caídas en ambas marxes do río na área de Ponte

de Ombreiro. As actuacións que se están a realizar abranguen un tramo de 650 metros e inclúen a mellora da capacidade hidráulica do leito mediante a extracción de tapóns illados, a retirada de árbores secas, enfermas ou en perigo de caída, así como desbroces selectivos do mato perimetral, poda e clareo de ramas baixas. Estas intervencións teñen como obxectivo mellorar a capacidade hidráulica da canle.

Airiños de Orbazai abre o curso

Airiños de Orbazai abre o prazo de inscrición para as distintas actividades que ofertan este curso. Ata o sábado 7 de setembro estarán coas clases de música tradicional, polo que os interesados poden probar sen compromiso. O grupo de pandeireiras ensaia os martes de 19.30 a 20.30 horas e o grupo Airiños de Orbazai farao de 20.45 a 22.15 horas. O resto de clases serán os sábados. O grupo de pasacalles e de iniciación de pandeireta e percusión farao en horario de 10.00 a 11.00. Neste mesmo horario impartirán pandeireta para nenos a partir de 4 anos. Ademais, de 11.00 a 12.00 ofrecen baile para a cativada; de 12.00 a 13.00 horas gaita e de 13.00 a 14.00 perfeccionamento de baile tradicional. O curso durará ata o 7 de xuño.

Santa María Alta dará comezo ás súas festas

A parroquia de Santa María Alta, en Lugo celebra as súas festas na honra á Natividade da Nosa Señora este mes de setembro. A romaría comeza este venres día 6 cunha cea veciñal ás 22.00 horas, seguida dunha verbena amenizada por Los Españoles. O programa continuará este sábado, xornada na que haberá misa solemne dende as 13.30 horas, sesión vermú e sesión de noite co trío Karma. O domingo pecharán a romaría con misa solemne a partir tamén das 13.30 horas e sesión vermú da man do trío Merengue.

GALO
¡A DOMICILIO!
982 247 076 **RECATELO Nº1**
¡CON GLOVO Y JUST EAT!

OBRAS Y REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
 641 082 106

Lugo rexistra un novo récord de viaxeiros no bus urbano no verán

O mes de xullo de 2024 foi o mellor desde que a área de Mobilidade garda rexistros de datos dos usuarios do bus urbano. O tenente alcalde e responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, afirmou que “maio bateu o récord con 171.837 billetes expedidos”, e engadiu “a tendencia deste ano continúa a ser superar os rexistros, o que demostra que a reformulación das liñas de transporte urbano está a facer que máis persoas aposten por deixar o coche na casa e desprazarse por Lugo utilizando o bus”.

O mes de xullo de 2024 pechou con 171.837 usuarios, sendo o mellor maio da historia, con preto de 25.000 usuarios máis que en xullo do ano 2023. Segundo explicou Rubén Arroxo, “neste momento do ano levamos o maior número de viaxeiros da historia no acumulado de todo o ano, o que demostra que, de seguir esta tendencia, 2024 será o mellor ano no transporte público de Lugo”.



Arroxo explicou que “os transbordos representan só un 3% dos billetes expedidos, os datos amosan un verdadeiro aumento no número de persoas que cada día deciden usar o bus urbano”.

O bus urbano pasou pola maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo aprobada por unanimidade de todos os grupos da corporación municipal, que permitiu mellorar as conexións da veciñanza coas

distintas zonas da cidade. Coas novas liñas, o HULA gañou conexións con Fontiñas, a zona sur da cidade e a avenida das Américas, que co modelo antigo non tiñan transporte directo. As transformacións do modelo de bus urbano conectou de xeito directo o hospital coas zonas de Fingoi, Magoi, Sagrado Corazón, as Gándaras, Avenida das Américas, Fontiñas, Fonte dos Ranchos, a Abella e Garabolos, mellorando tamén as frecuencias coa zona centro. Os barrios aumentaron as frecuencias de conexión co centro da cidade, pasando da hora entre cada volta a 30 minutos de frecuencia.

Nos polígonos do CEAO e das Gándaras aumentáronse tamén as conexións, quedando ambas áreas industriais co barrio de Fontiñas e o sur da cidade, cun total de seis liñas que entre os seus percorridos inclúen a unha das zonas industriais e dúas que pasan por ambas, unindo as áreas industriais de xeito directo con zonas como Fingoi, o Campus Universitario, Fontiñas, Magoi, Avenida das Américas e coa zona centro, pasando moitas destas liñas pola Ronda da Muralla.



O Mercado de Quiroga Ballesteros acolle o primeiro Foro da La

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo promove e colabora co I Foro da La, organizado pola Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia (Ovica) para dar visibilidade ao problema da xestión da la e potenciar o seu uso como materia prima. O encontro celebrárase a fin de semana do 14 e 15 de setembro no Mercado Municipal Quiroga Ballesteros de Lugo e contará cunha feira de la e de produtos feitos con ela ou a exposición de proxectos que xiren arredor desta materia prima.

Durante ambas xornadas tamén se proxectarán documentais e haberá encontros, concertos, obradoiros, demostracións e mesas redondas que permitirán coñecer mellor o produto. Na cita colabora a área de Participación e Servizos para a Veciñanza. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro destacou a colaboración coa entidade gandeira “contribuíndo a estabilidade e continuidade dunha labor que beneficia directamente as gandeiras e gandeiros asociados, atendendo necesida-

des relacionadas coa súa actividade cotiá, e que permite que encaren de xeito colectivo os retos dun sector fundamental para o mantemento do territorio”.

A concelleira lucense Cristina López agradeceu a “colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e de Ovica nesta cita, que contribúe a dinamizar o mercado e a dar a coñecer a un público diverso a unha carne de excelentes propiedades, mentres seguimos a traballar para que a Praza e o Mercado contén cunha programación de actividades ampla e diversa ao longo de todo o ano”.

Destacou tamén o traballo realizado pola área de Participación “en organizar diversas actividades na Praza e no Mercado ao longo do ano”. A edil de Participación afirmou que “seguimos traballando para traer a estas dúas instalacións as mellores actividades”, e anunciou que “nas vindeiras semanas anunciaremos a programación dos novos obradoiros infantís, unha actividade que permite facilitar a conciliación familiar con preto de 600 nenas e nenos na primeira metade do ano”.

Crean liñas novas para os partidos do CD Lugo

Nos partidos que o CD Lugo xogue no estadio Anxo Carro, Lugo contará cun servizo especial de bus urbano “que permitirá deixar o coche na casa e acudir ao partido sen ter que preocuparse de buscar espazo para aparcar”. Arroxo explicou que esta liña especial súmase aos servizos habituais da liña 8, que conta con paradas próximas ao estadio, “facilitando que o bus sexa tamén

o principal medio de transporte á hora de asistir aos partidos do CD Lugo”, afirmou Rubén Arroxo. O servizo especial do CD Lugo comezará o seu percorrido unha hora antes do inicio do partido, chegando ao Anxo Carro con tempo suficiente para a previa. Conectará as distintas zonas da cidade cun percorrido “optimizado para chegar á máxima poboación de Lugo”.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



O PP provincial fai un balance do seu traballo

A defensa da igualdade de tódolos lucenses e o reparto equitativo de fondos entre tódolos concellos, a transparencia, o contacto permanente cos veciños e os seus representantes a pé do territorio, o apoio aos sectores estratéxicos e ao desenvolvemento industrial da provincia foron as liñas principais do traballo dos deputados do PP.

Así o explicou o portavoz, Antonio Ameijide, facendo balance para “dar conta do noso traballo como representantes dos lucenses e grupo maioritario na Deputación de Lugo” intentando que sexa “próximo aos nosos veciños e útil para a provincia”. Para os populares “todas estas cuestións -xunto á prestación de servizos, atender ás súas competencias e ao seu patrimonio e cumprir a lei- deberían ser os principais obxectivos dun goberno provincial”. Pero “o goberno de PSOE e BNG na Deputación de Lugo caracterízase polo sectarismo, a desatención aos veciños e aos bens da propia institución e o ocultismo”. Os deputados do PP descentralizaron as reunións de traballo para coñecer máis de preto as necesidades de cada comarca e cada concello, escoitaron aos alcaldes que o presidente Tomé “non recibe”, portavoces, veciños e distintas entidades facendo dúcias de miles de quiló-

metros, revisaron tamén miles de decretos, expedientes a pesar das trabas burocráticas, acompañaron aos veciños nas súas manifestacións e, incluso, impulsaron a mobilización de alcaldes e portavoces ante a discriminación no Plan Único, agora denominado Plan Deputación, aos Concellos máis pequenos que son aos que debería axudar precisamente a institución provincial.

O Grupo esgotou o máximo de iniciativas a presentar aos Plenos defendendo propostas en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias, en apoio a iniciativas industriais e ao desenvolvemento da provincia, o turismo, o sector primario, para a construción e apertura das residencias de maiores comprometidas, a cooperación cos Concellos, a atención aos animais e a transparencia, como oito eixos principais.

As iniciativas aprobadas por unanimidade dirixíanse a: recuperar as achegas de avogados e procuradores de mutualidades ao sistema RETA, reclamar as obras da A-74 e ao goberno provincial un convenio propio da limpeza. Tamén logrou o PP aproba a regularización e ampliación das instalacións da Protectora de Animais de Lugo e a retirada da nova proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús.

Preto de 600 nenos acudiron aos obradoiros infantís no Mercado

Cristina López, concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, valorou os obradoiros infantís que se celebraron ao longo do ano nas instalacións do Mercado Municipal. Cristina López explicou que “durante os primeiros meses do ano esta foi unha das actividades con máis aceptación por parte da veciñanza, acollendo en total a 591 nenas e nenos”. O Goberno de Lugo continuará coa celebración destes obradoiros “co obxectivo de promover unhas instalacións históricas e referentes do comercio de proximidade como son a Praza de Abastos e o Mercado Municipal, ao mesmo tempo que facilitamos a conciliación familiar”. As actividades están destinadas a nenas e nenos entre 4 e 12 anos, e tratan temas como a reciclaxe, a creatividade ou a cociña, tratando



temas como o coidado do medio ambiente ou a creatividade.

“Continuamos a traballar para dinamizar a Praza e o Mercado con este tipo de actividades, que permiten que as nenas e nenos pasen unha mañá realizando actividades lúdicas e formativas”, afirmou Cristina

López, que engadiu “convidamos á veciñanza de Lugo a realizar as súas compras na Praza e no Mercado, disfrutando da atención personalizada das e dos distintos comerciantes da instalación e da calidade dos produtos dos distintos postos, referentes do comercio de proximidade”.

Uns 900 rapaces participaron no programa de Aulas Abertas

Preto de 900 crianzas participaron nun mes no programa de conciliación de Aulas Abertas rurais e urbanas, que o Goberno local está a levar a cabo, co obxectivo de acadar solucións reais e efectivas á conciliación laboral e familiar durante os meses de verán. Así o explican as edís de Cohesión Territorial e Benestar Social, Ana González Abelleira e Olga López Racamonde, encargadas do desenvolvemento deste programa na zona rural e na cidade, respectivamente.

Tendo en conta os datos do pasado mes de xullo, a participación está sendo boa, tanto nos cinco centros

de convivencia de Lugo, aos que asistiron uns 460 nenos e nenas, coma nas Aulas Abertas no rural, realizadas en oito centros cívicos doutras tantas parroquias, coa asistencia duns 430 cativos e cativas, con idades comprendidas entre os 4 e os 10 anos. As actividades do programa de Aulas Abertas urbanas lévanse a cabo de luns a venres, de 8.30 a 14.30, nos centros de convivencia de Fingoi, Lamas de Prado, Maruja Mallo, Milagrosa e Paco Martín.

De todos eles o que rexistrou unha maior afluencia foi o da Milagrosa, con 70 participantes en cada quin-

cena de xullo, trala correspondente ampliación de prazas ante a alta demanda. Mentres, nas antigas escolas unitarias de Bosende, Calde, O Burgo, Saa, Santa Comba, Pías, Piñeiro e San Xoán do Campo, uns 110 nenos e nenas á semana asistiron a este programa de conciliación, co que neste caso se busca ademais favorecer o arraigo das crianzas coa súa contorna e coas zonas rurais, onde as aulas abertas onde se apostou por revitalizar o uso comunitario das antigas escolas unitarias municipais, que tamén en verán concentran desta forma unha gran actividade.

El Camino de San Pedro

Rúa San Pedro 43
Teléfono
982 252 213
Menú del día y carta


FÚTBOL EN DIRECTO

NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanya 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com



O congreso nacional da gandería extensiva e o pastoreo celébrase en Lugo

A sétima edición do congreso Territorios Pastoreados (TP7) celebrárase en Lugo do mércores 18 ao sábado 21 de setembro. Este encontro, organizado pola Fundación Entretantos en colaboración coa Sociedade Galega de Pastos e Forraxes e unha ampla rede de entidades colaboradoras, consolidouse como un dos eventos europeos e o principal congreso nacional para o intercambio de coñecementos e experiencias no ámbito da gandería extensiva e o pastoreo.

Este evento reúne a gandeiros, profesionais, investigadores, xestores, administración, consumidores, estudantes, e está aberto a calquera persoa interesada en debater, coñecer e informarse sobre o presente e o futuro do pastoreo e a gandería extensiva, como unha actividade que fomenta a sustentabilidade social e económica dos territorios rurais e que contribúe á conservación dos nosos ecosistemas. Territorios Pastoreados (TP7) artículase a través de conferencias, talleres, mesas redondas, proxeccións documentais e visitas de campo. Trátase dun programa no que participan máis de 30 relatores que a través de espazos de debate abertos ao público.

O turismo continúa a medrar

O turismo continúa a crecer en Lugo cun mes de xullo con gran éxito en visitantes. A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou os datos de turismo rexistrados nas instalacións municipais durante este mes, que “evidencian que o traballo realizado nestes anos posicionou a Lugo como un destino estratéxico á hora de visitar Galiza”, explicou. Ferreiro destacou que “superamos en case 1.000 persoas os datos de hai un ano, e algunhas das instalacións municipais duplicaron o número de

visitantes”.

A Oficina Municipal de Turismo da praza do Campo atendeu en total a 5.813 turistas durante xullo, mentres que o posto de información turística da praza Maior recibiu 6.225 visitantes. As salas museísticas municipais continúan a ser un gran atractivo turístico da cidade. O Centro Arqueolóxico de San Roque, a Casa dos Mosaicos e o MIHL rexistraron números similares ao ano pasado, con 6.176 visitantes en total entre as tres salas, mentres que a sala de exposicións Porta Miñá duplicou os seus visitantes,

pasando de 515 a 1.160 persoas en xullo.

Maite Ferreiro destacou que “o aumento de persoas que se achegan á cidade é froito da campaña Lugo Km 100, que está posicionando o noso concello como un referente do turismo de calidade e proximidade, poñendo en valor o patrimonio histórico e a ampla programación cultural coa que contamos”, e afirmou que “Lugo é o mellor destino para fuxir das masificacións e desfrutar dunha gran cantidade de patrimonio cunha programación cultural ampla e diversa”.

O PP denuncia a acumulación de colectores vellos na Piringalla

O PP de Lugo critica a xestión ambiental do Concello. O Partido Popular de Lugo manifestou a súa preocupación pola xestión dos residuos no municipio, tras unha visita ao espazo onde se almacenan os colectores de lixo retirados, situado na parcela dos depósitos da auga na Piringalla. Segundo Antonio Ameijide, os colectores retirados das rúas e parroquias, incluíndo aqueles danados por accidentes ou incendios, ofrecen unha “imaxe nefasta” e demostran unha “nula preocupación” polo medio ambiente por parte do goberno local.

Os concelleiros do PP, Elena Candia, Antonio Ameijide e Flor Rubinos, realizaron a visita para comprobar o estado dos colectores, que tamén inclúen os de cor marrón destinados aos restos orgánicos. Ameijide criticou que, a pesar do anuncio da alcaldesa o pasado 5 de xuño sobre o ini-



cio da colocación destes colectores, a súa presenza nas rúas e parroquias segue sendo mínima. Isto, segundo o PP, reflicte unha mala xestión e un incumprimento da normativa obrigatoria desde o 30 de xuño, nun contrato valorado en máis de 11 millóns de euros anuais.

O Grupo Municipal Popular pediu que se aclaren os motivos pola

retirada dos colectores vellos e a súa acumulación, en lugar de ser procesados ou almacenados adecuadamente. Ameijide considerou que esta acción é un exemplo de “ecoloxismo hipócrita” por parte do Goberno municipal, comparando a situación con outros casos anteriores en lugares como as Gándaras ou o Ceao.

Lugo en Pé demanda a gratuidade da televisión no HULA

A Plataforma Lugo en Pé, co apoio da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti e a Plataforma Galicia Baleira, solicita á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a gratuidade das televisións en todas as habitacións dos hospitais públicos de Galicia.

Defenden que a xente non vai ao hospital por gusto, “pero se tes que estar durante unha estancia moi prolongada, un postoperatorio complicado, un tratamento de longa duración, a xente que está internada e non recibe visitas, ou mesmo os ingresos de pediatría e casos especiais de oncoloxía e oncoloxía pediátrica, deberían poder gozar do servizo de televisión de forma gratuíta. Non é normal que no cárcere poidan ver a televisión de forma gratuíta e se tes a fatalidade de ter que estar ingresado nun hospital, teñas que pagar por este servizo”, denuncian.

A Milagrosa acolle este mes o I Open Nacional de Petanca

O barrio da Milagrosa continúa a desvelar o programa para as súas festas. Como aposta deportiva programan o I Open Nacional de Petanca, unha cita que está organizada polo Club de Petanca Muralla de Lugo. A proba será o domingo 8 de setembro de 9.00 a 20.00 horas e conta coa colaboración do Concello, da Xunta e da Deputación.

Os interesados en participar deben aboar uns 45 euros por equipo. Entregarán os catro primeiros premios aos mellores xogadores que van dende aos 600 euros ata os 100. Tamén darán os premios de consolación que van dende os 200 euros para o primeiro, ata os 50 para o terceiro.

**Clinica dental
Mosquera Otero**

Te damos
una razón
PARA SONREIR

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Veciños de San Roque piden unha residencia na antiga sede de Aspnaís

A Asociación de Veciños Roque-Santo pide unha residencia pública na antiga sede de Aspnaís. O colectivo, pertencente á Federación provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti de Lugo, debateu, en asemblea de socios celebrada recentemente, sobre o espazo da antiga sede de Aspnaís, “totalmente abandonado pola Xunta de Galicia desde hai anos”.

Desde a asociación acordaron realizar unha petición á Xunta con relación a este espazo situado na rampla de Claudio López, e que na actualidade “atópase baleiro, sen uso e totalmente abandonada, para que se dedique a unha residencia, debido á gran necesidade que ten a cidade de Lugo de novas prazas públicas para maiores”. Fai máis de catro anos que Aspnaís

iniciou o seu traslado da antiga sede ao Hospital de San José. “A Xunta de Galicia era coñecedora desde fai case cinco anos deste traslado, e en todo este tempo non fixo absolutamente nada para darlle unha utilidade a estas instalacións”. O colectivo sinala que poderían acoller importantes dotacións para o barrio, “pero consideramos prioritario que se destinen a unha residencia pública”.

Unhas das principais razóns desta demanda é “a gran proliferación de residencias privadas e a falta de prazas públicas a prezos alcanzables, as longas esperas na concesión dunha praza pública que se alonga preto dos dous anos e que en Lugo levamos moitos anos sen abrir novas residencias públicas para maiores”.

REUNIÓN NA PRAZA DE ABASTOS



Elena Candía reuniuse cos titulares de postos da Praza de Abastos e do Mercado para escoitar as súas demandas, xa que di que “a Praza de Abastos e o Mercado Municipal precisan de melloras urxentes nas súas instalacións e no seu sistema de xestión”. A voceira popular anunciou aos asistentes que o seu grupo municipal levará a pleno un plan de melloras para a xestión da praza de abastos co obxectivo de acadar un réxime participativo e conciliador na xestión dos espazos.

¡Somos artesanos!

Pan artesano 100% con masa madre

Milano Propio

PANADERIA · PASTELERIA

O PAN DO PAÍS

CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

“Esperamos unhas 300 persoas na Quedada Motorista San Froilán”

A cuarta edición desta cita, que naceu no ano 2018 como unha reunión de amigos, pretende dar a coñecer a cidade e compartir esta afección profesional

Lucía Blanco

“Naceu como unha xuntanza de amigos e 6 anos despois a Quedada Motorista San Froilán mantén a súa esencia mentres segue dando cita aos amantes do motor e poñendo en valor a cidade. “Saíu dunha comida que se nos foi das mans porque cando nos demos conta reunimos a 240 persoas”, lembra Iván López, un dos organizadores. O éxito desa primeira edición levounos a continuar apostando pola iniciativa. “Vendo que todo o mundo quería vir, xa a organizamos dun xeito máis serio, puxemos un grupo de música, un Dj e fixemos varias sorpresas”.

A cuarta convocatoria terá lugar, coma sempre, o domingo anterior ás patronais, o 29 de setembro. “Quedamos na praza de Augas Férreas entre as 10 e as 11 da mañá para que vaian chegando todos e entregámoslles un agasallo de benvinda e un rutómetro”. Así poderán facer cando eles queiran un itinerario, que é sorpresa, pola cidade e a súa contorna. “Poden coñecer un pouco e teñen o camiño de ida e de volta onde se fai a comida. Xa saben por onde teñen que ir, onde teñen que parar e o que van a ver. Hai xente que xa a fai directamente ese día e logo volvemos e tomamos uns pinchos para socializar un pouco e comemos tamén no centro”.

O encontro logra ano tras ano non deixar indiferente a ninguén. “É unha imaxe que chama moito a atención, ver aparcadas 200 ou 250 motos todas xuntas. Ademais, os que nunca estiveron aquí como os pinchos e o xantar son dentro das murallas alucinan ao estar comendo coa Catedral de fondo”. Entre os habituais desta proposta, ademais dos lucenses, encóntranse moteiros de distintos puntos de Galicia e de Asturias. “É unha iniciativa que axuda a dar a coñecer a cidade. Moitos baixan da moto, pasean polo centro e van ata a praza Maior. Ademais como o rutó-



metro a maiores é por fóra de Lugo tamén van a ir a algún concello da contorna”.

A gastronomía acaba de completar o programa grazas ao que poderán desfrutar dun menú que inclúe o prato por excelencia, o polbo, ademais de música en directo. “Imos ter un grupo actuando e cando remate temos un Dj que vai estar amenizando toda a tarde ata que se vaia indo a xente e logo algunha sorpresa e sorteo a maiores para que o pasemos ben”. As previsións son máis que positivas para esta nova quedada na que esperan superar os 300 inscritos. “Se o tempo tamén acompaña. Pero teño que dicir que no 2019 tivemos un día bastante malo, choveu e todo e tivemos máis de 200. Pero un día soleado axuda moito. Esperemos que sexa como todos anos como mínimo, que non baixemos das 250”, conta Iván.

Tamén esperan confirmar que a súa afección non entende de idades. “No 2023 estiven cun home que estaba moi ben para os anos que tiña e veu na súa moto con 89 anos. E despois hainos moi noviños, temos xente desde os 18 ata 90”. Os tickets, que teñen un prezo de 29 euros con todo incluído, xa están a venda nos locais

participantes e tamén a través de Bizum indicando nome e DNI ao 680 643 106. “O prezo que lles cobramos é o que nos custa a nós facelo, porque é sen ánimo de lucro, non gañamos nada. Isto empezou como un grupo de amigos e segue sendo así, non é organizado por un motoclub”. Contan con patrocinadores para levar a cabo a xuntanza e tamén coa axuda de Lugo Monumental coa organización da cita que, convocatoria tras convocatoria, consolida o seu éxito.

“Foi moi ben acollida, cando empezamos había anos que se facía nada relacionado coas motos e había moita paixón. No 2019 xa chegamos case ás 300 persoas, nos dous anos seguintes estivemos parados pola pandemia e retomamos no 2022 coa mala sorte de que un dos nosos compañeiros, porque eramos 7 os que a organizabamos, faleceu nun accidente e decidimos cancelar. Volvemos o ano pasado e xuntamos 200 persoas”. Ganas non lles faltan para continuar con esta proposta que esperan seguir a manter no calendario. “Isto non é unha competición nin unha concentración de fin de semana. Trátase de que coñezan Lugo, de compartir a paixón, de comer ben e de desfrutar todos xuntos”.

A primeira reunión do Consello do Maior de Lugo será á volta do verán

A Xunta de Goberno Local aprobou o regulamento que rexerá o funcionamento do Consello do Maior e cuxa primeira reunión poderá celebrarse á volta do verán xa coas súas bases. Estas establecen que o novo órgano terá carácter consultivo e asesor pero non vinculante así como os seus principais obxectivos, entre os que destaca favorecer a participa-

ción activa no eido social, político e cultural das persoas maiores, apostando polo envellecemento activo e a integración deste colectivo.

Unha vez aprobado o regulamento e trala súa publicación no BOP todo estará disposto para celebrar a primeira reunión á volta do verán. As bases establecen que integrarán este novo órgano representantes

de: grupos políticos; concellerías competentes; CEL; USC; Unidade de Xeriatría do HULA; obras sociais das caixas de aforros; centros socioculturais do Concello de Lugo; empresas prestadoras de servizos ás persoas maiores; organizacións sindicais; asociacións que traballan coa terceira idade inscritas no Rexistro Municipal; e das policía Local e Nacional.

Remata o traslado dos mexillóns no Miño para instalar unha rampla

O Goberno local de Lugo concluíu o traslado de 136 exemplares de mexillóns no río Miño para avanzar coas obras da instalación da rampla de acceso ao río. Durante o proceso, trasladáronse 124 exemplares da especie *Potomida littoralis* e 12 da especie *Unio delphinus* a unha nova localización situada uns 30 metros augas arriba, nunha zona cun alto potencial de acollida. O traslado foi supervisado por un axente medioambiental da Xunta, que autorizou e delimitou a nova área para garantir a protección e supervivencia dos moluscos.

Un equipo de buzos levou a cabo unha nova prospección na que detectaron outros dez exemplares que se trasladaron a unha das zonas reservadas para acoller a estes moluscos. Tras esta actuación e por petición da Xunta de Galicia, haberá



unha nova revisión coa que se quere comprobar que non haxa máis exemplares, tras a cal o Concello de Lugo agarda comezar a instalación da pasarela.

O Goberno local tamén acordou co axente medioambiental a delimitación de áreas sensibles no río para evitar que os bañistas accedan a zonas de alta densidade de exem-

plares protexidos, protexendo tanto os moluscos como aos propios usuarios. Estas medidas de sinalización e balizamento implementaranse tras a inspección final.

Por outra banda, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) levou a cabo o traslado minucioso de entre 7.500 e 15.600 exemplares de *Potomida littoralis* e *Unio delphinus*,

as dúas especies afectadas polos traballos de rehabilitación do Muíño de Olga, no río Miño ao seu paso pola cidade. Dende o organismo destacaron a rapidez do proceso levado a cabo por 10 técnicos especialistas con amplos coñecementos en traballos no medio acuático e no manexo e detección destes bivalvos dulceaçuicolas.

As especies de bivalvos trasladadas cumpren un importante papel pois "filtran a auga, que van retirando ou asimilando certos contaminantes que pode haber e que teñen unha función moi importante para o ecosistema", explicou Alberto de Anta, comisario adxunto da CHMS. Paralelamente, iniciáronse os traballos de reparación da presa que, estruturados en tres fases, desenvolveranse ata o próximo mes de outubro. Na primeira semana de traballos a prioridade foi a retirada de vexetación e limpeza, así como a toma de datos na franxa de 3 metros de ancho situada inmediatamente augas arriba deste elemento patrimonial.

Estudan a mellora da seguridade viaria na Calzada da Ponte

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, vén de manter un novo encontro coa veciñanza da Calzada da Ponte para estudar a implantación de medidas que melloren a seguridade viaria na contorna. Entre elas, figura a instalación dun bolardo antes do túnel que enlaza coa saída cara á N-VI e que, pese a prohibición de paso para vehículos (excepto residentes) que xa existe na zona, segue a empregarse constantemente.

Un extremo, que Paula Alvarellos comprobou in situ, xunto aos concelleiros Mauricio Repetto e Jorge Bustos, que observaron a intensidade do tráfico rodado que se concentra neste punto da capital, con maior afectación entre as vivendas que van do número 99 ao 121 e do 140 ao 172 desta vía.

"Nese percorrido, que fixemos acompañados das e dos veciños, puidemos constatar que o paso de turistas é continuo polo que adoptaremos as solucións precisas para garantir a seguridade das persoas que viven neste enclave pero tamén a das viandantes, tendo en conta que se trata dunha localización moi frecuentada polas dotacións de ocio e lecer que se aglutinan nela e que resultan un importante reclamo social", afirmou a rexedora en alusión ao paseo fluvial, á zona verde e ao parque infantil pero tamén aos diversos establecementos de hostalaría que dan servizo no barrio.

Deste xeito, outra das actuacións que a mandataria lucense contempla poñer en marcha redundará na identificación dos vehículos das e dos residentes na Calzada da Ponte co fin de poder exercer un control máis estrito sobre o acceso ás zonas que estes teñen reservadas.

Renovarán a vía que une as rúas luguesas Illas Cíes e Perpetuo Socorro

A Tenencia de Alcaldía renovará o asfalto no treito que discorre entre as rúas Perpetuo Socorro e Illas Cíes. Arroxo lembrou que a Tenencia de Alcaldía traballa para "atender ás reclamacións veciñais e mellorando as vías de toda a cidade, tanto en zonas urbanas como periurbanas".

A solución executada consiste na creación dunha nova capa de rodadura baseada en mestura asfál-

tica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal. A actuación conta cun orzamento de 59.390,31 euros, e unha vez rematado o procedemento de contratación, terá un prazo de execución de dous meses.

Desde a Tenencia de Alcaldía aní-



mase á veciñanza de Lugo a facer chegar as súas solicitudes ao Concello. Rubén Arroxo destacou que esta información, "xunto coas

visitas que realizamos periodicamente aos barrios, permítenos planificar mellor as prioridades e o traballo a realizar".

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O Concello mellorará vías no barrio da Garaballa

Este setembro, no marco do Plan Único de Cooperación da Deputación de Lugo 2024, levarase a cabo unha actuación que mellorará o firme na vía que comunica Camiño do Souto coa Garaballa de Abaixo. A intervención, orzamentada en máis de 22.800 euros, permitirá mellorar a seguridade e a accesibilidade dunha das principais vías de comunicación desta zona periurbana. Esta actuación forma parte dun plan integral que o Goberno local impulsa para mellorar o estado das estradas e camiños dos núcleos de poboación, coa finalidade de garantir unha conectividade axeitada e responder ás demandas da veciñanza.

A alcaldesa salientou a importancia de actuar de forma efectiva en múltiples localizacións grazas ao acceso a diferentes mecanismos

orzamentarios, e sinalou que “o proceso de licitación desta obra marca o primeiro paso para facer realidade unha mellora demandada polas veciñas e veciños”.

Ademais, coa utilización dos remanentes do Plan Único 2023, levaranse a cabo outras obras de mellora do firme en diversas estradas municipais. Estes proxectos inclúen traballos de conservación que permitirán mellorar o estado de camiños en parroquias que precisan de intervencións urxentes, asegurando que as vías se atopen en condicións óptimas para a circulación e o benestar da cidadanía.

A concelleira de Cohesión Territorial, Ana González Abelleira, subliñou que “a aposta do Concello pola mellora continua das infraestruturas rurais é unha prioridade do noso mandato”.

A Deputación modernizará as instalacións do Pazo dos Deportes

A área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación moderniza a rede de abastecemento de auga do Pazo Provincial dos Deportes e leva a cabo a instalación de catro bocas hidráulicas para incendios. Isto permitirá instalar unha válvula de regulación da presión da auga no interior da instalación deportiva, asegurando así un bo mantemento das tubaxes. Ao mesmo tempo, as obras permiten mellorar a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Neste caso estase a mellorar o aparcadoiro e creando prazas reservadas con este fin, ademais realízanse rebaixes de beirarrúas en diversos puntos como as paradas de autobús. Levarase a cabo tamén o acondicionamento das zonas deterioradas no acceso ao Pazo.

Estes traballos que agora se levan a cabo súmanse aos xa realizados e previstos pola Vicepresidencia da



Deputación de Lugo nos últimos meses, como a limpeza e rehabilitación das fachadas, a renovación das bancadas da metade inferior, a mellora da eficiencia enerxética coa substitución das luminarias antigas por outras de tecnoloxía LED ou as intervencións nos canlóns e baixantes para paliar os problemas de pingueiras e filtracións.

Ademais, vense de anunciar as xes-

tións que están a realizar os servizos técnicos da Deputación para determinar a viabilidade de instalar un videomarcador e un novo equipamento de son. O Pazo foi inaugurado en 1992, ano dende o que funciona ininterrompidamente, sen que se lle teñan feito máis que pequenas obras de reparación, mantemento ou pequenas modificacións da distribución interior.

O BNG pide que se retomen as liñas eliminadas de ferrocarril

O portavoz do BNG en Lugo, Rubén Arroxo, calificou como “unha boa nova” a licitación por parte do Goberno do Estado dun estudo previo para analizar a conexión ferroviaria entre Lugo e Compostela. Segundo Arroxo, esta iniciativa representa un logro significativo que foi posible grazas ao traballo do único deputado do BNG en Madrid, quen conseguiu impulsar melloras nas infraestruturas que a veciñanza de Lugo levaba anos reclamando. Esta concesión formou parte do acordo de investidura que o BNG negociou na capital. Arroxo aproveitou a ocasión para reclamar ao Goberno central a re-

cuperación das liñas ferroviarias que foron eliminadas nos últimos anos, mencionando que Lugo continúa con menos servizos ferroviarios que antes da pandemia. Entre as conexións suprimidas, destacou o tren nocturno que conectaba Lugo con Barcelona.

No ámbito das conexións dentro de Galicia, Arroxo lamentou que Lugo siga sendo a única cidade galega sen conexión directa por tren coa capital do país. Ademais, criticou a eliminación recente de outras conexións e o funcionamento deficitario das liñas existentes, que adoitan acumular retrasos.



Reconstrúen o muro da rúa Frai Plácido Rei

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron a rúa Frai Plácido Rei Lemos, onde o Goberno local está a levar a cabo unha reconstrución integral da estrutura da zona. Durante a visita, Arroxo destacou “o bo ritmo” das obras, que xa completaron a nova estrutura do muro e avanza na fase previa á construción dos distintos bancais.

O obxectivo desta intervención é crear un percorrido accesible para toda a veciñanza, eliminando barreiras arquitectónicas. “Crearemos unha rampla accesible pola fronte do muro, conectando o barrio de Recatelo co Parque de Rosalía sen barreiras arquitectónicas, avanzando cara a unha cidade máis accesible para todas as persoas”, explicou Arroxo. A rampla partirá do final do Paseo Vila de Foz e rematará na rúa Cidade de Viveiro.

A intervención busca mellorar a

integración paisaxística do muro e resolver a diferenza de cotas entre a rúa Frai Plácido Rei Lemos e o parque dunha maneira máis orgánica e respectuosa co entorno. “Fuxiremos dun muro de gran altura e, no seu lugar, optaremos por un escalonamento en bancais, que permitirá mellorar o impacto visual da estrutura”, sinalou o Tenente Alcalde.

O primeiro bancal, máis próximo á rúa, será unha nova zona verde totalmente axardinada, destinada ao desfrute dos veciños e para contribuir a reducir a temperatura do pavimento en días de calor. O segundo bancal albergará unha pequena praza arborada, deseñada como espazo de descanso e encontro, e integrada de forma harmoniosa no contorno. A reconstrución da rúa Frai Plácido Rei Lemos forma parte dun proxecto máis amplo que busca non só a mellora da accesibilidade, senón tamén a creación de espazos públicos máis amables e sostibles en Lugo.

O PP demanda de novo un aparcadoiro en Fontiñas

O PP lembra que a reivindicación de hai un ano, avalada por máis de 1.000 lucenses de Fontiñas, para a construción dun gran aparcadoiro no barrio continúa viva. Elena Candia reafirma o seu compromiso con Fontiñas e asegura que seguirá reclamando a súa construción.

Coincidindo coa data na que se cumpre un ano da recollida de sinaturas para reivindicar a construción dun gran aparcadoiro de Fontiñas, a voceira popular, Elena Candia lamentou que o goberno local “desatenda unha reclamación clara e xustificada”. Dende o PP insisten en que é necesario habilitar máis prazas de aparcamento para esta zona onde hai unha gran densidade de poboación e zona comercial e de ocio “os veciños e comerciantes necesitan un aparcamento accesible para facilitar o seu día a día e tamén para atraer a máis persoas que queiran desfrutar da oferta do barrio sen preocuparse por encontrar un lugar onde deixar o seu coche”.

Nos últimos anos os populares presentaron varias alternativas para construír un aparcadoiro en Fontiñas. Unha das posibles localizacións será á altura do número 105 e outra na contorna do número 129, creando máis de 400 prazas. Outra zona para aparcar que propoñen é na rúa Primavera, onde hai varios solares municipais nos que se poderían crear preto dun cento de prazas negociando a cesión, arrendamento ou adquisición de solares privados que hai na súa contorna.

TE AYUDAMOS A CUIDAR TU SALUD

En Verxel Herbolario te ofrecemos tratamientos y productos de alta calidad que contribuyen a mejorar la salud.

El objetivo de los dispositivos Bemmer es aumentar la restricción de los vasos sanguíneos arteriales precapilares pequeños y muy pequeños. El resultado es una mejor distribución de la sangre en la red capilar.

Bemmer es una aplicación capaz de ejercer un efecto controlado y específico sobre los vasos sanguíneos o partes del sistema vascular.



El efecto no se consigue con una sustancia química o biológica, sino con un método físico. Bemmer utiliza un campo magnético pulsado para introducir una configuración de señal especial y patentada en el cuerpo del usuario con el fin de mejorar un riego sanguíneo deficiente de los vasos pequeños y los microvasos. El efecto de los dispositivos BEMER está científicamente probado.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



Renovarán o asfalto nas avenidas Anxo López Pérez e Breogán

Renovarán o asfalto na avenida Anxo López Pérez. O tenente alcalde Rubén Arroxo lembrou que a Tenencia de Alcaldía traballa para “atender ás reclamacións veciñais e mellorando as vías de toda a cidade, tanto en zonas urbanas como periurbanas”. Afirmou que “esta vía soporta unha importante carga de tráfico pesado, ao tratarse da principal saída dos buses desde a estación”, e explicou que “con esta actuación renovaremos o asfalto, que se atopa desgastado, garantindo o bo estado da vía durante os próximos anos”.

A solución que se realizará por parte do Goberno de Lugo consiste na creación dunha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal. A actuación conta cun orzamento próximo aos 41.000€. A Tenencia de Alcaldía executará esta repavimentación antes do comezo do curso escolar, buscando reducir as molestias ás familias.

Desde a Tenencia de Alcaldía ánima-se á veciñanza de Lugo a facer chegar as súas solicitudes ao Concello. Rubén Arroxo destacou que esta información, “xunto coas visitas que realizamos periodicamente aos barrios, permítenos planificar mellor as prioridades e o traballo a realizar”. Arroxo lembrou que o Goberno de Lugo está a planificar diversas intervencións nas vías públicas de toda a cidade. Zonas como San Fiz, a Garaballa ou a Avenida da Coruña teñen planificadas renovacións de asfalto para os vindeiros meses.

BREOGÁN. Tamén o renovará o asfalto en tres vías da contorna da avenida Breogán. Co comezo do mes iniciouse a intervención que ten como



obxectivo mellorar o estado das vías, que presentaban un importante desgaste debido ao intenso uso.

Arroxo explicou que “continuamos a traballar nas zonas urbanas e periurbanas de Lugo cunha nova actuación que permitirá renovar o firme de tres vías”, e engadiu que esta acción segue á renovación integral do asfalto da Avenida Breogán realizada o ano pasado.

As vías que se verán afectadas pola renovación son a unión da Avenida

Breogán coa N-VI, a rúa Quiroga e a praza Fonte dos Ranchos. Os traballos consistirán na aplicación dunha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que selará o firme ante a acción da auga superficial. Ademais, realizarase a reconstrución do firme en todo o seu espesor para evitar futuros defectos e mellorar a durabilidade da capa de rodadura. Tamén se renovará a sinalización horizontal.

Eliminarán na Tinería o valado que linda co adarve da Muralla

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) acometerá o acondicionamento das parcelas da súa propiedade situadas entre a rúa dos Fornos e Recanto do Miño, comezando por eliminar os elementos instalados durante a campaña de escavacións arqueolóxicas que provocan impacto visual sobre a Muralla. A Xunta recolle así a petición da asociación Lugo Monumental para abordar a mellora estética da zona, á espera de que o desenvolvemento urbanístico da Unidade de Intervención 7 permita determinar o seu uso.

Javier Arias, expuxo as actuacións proxectadas nunha xuntanza co presidente da entidade, Luis Latorre; o xefe do Departamento Territorial de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Marco Antonio Fernández, e a portavoz do grupo municipal do PP no Concello de Lugo, Elena Candia. Estanse tramitando os permisos da primeira intervención, que será inmediata e consistirá na substitución do peche de lamas de madeira situado xunto ao adarve por unha varanda metálica máis baixa, integrada e permeable.



O PP denuncia o estado de edificios municipais

Tras rexistrarse un incendio nun piso municipal con ocupas na rúa Catedral e logo das queixas veciñais polo estado de abandono e o foco de insalubridade que representa un edificio, tamén propiedade do Concello, en Ramón y Cajal, o PP pide a PSOE e BNG que asuman a súa responsabilidade no mantemento destes inmobles. Instan ao Goberno local a coidar o seu patrimonio e dar exemplo á cidadanía “non poden esixir á veciñanza o que eles mesmos incumpren”.

Ramón Cabarcos pide adoptar medidas urxentes nestes 2 edificios municipais que están baleiros, en ruína e sen uso para evitar que sigan repre-

sentando un perigo e un foco de problemas para a veciñanza. Os populares tamén cuestionan que socialistas e nacionalistas “utilicen o diñeiro de todos os lucenses para facer edificacións sen uso coñecido mentres descoñecidas as súas propiedades”.

Denuncian o estado en ruínas do edificio situado entre a rúa Ramón y Cajal e o Carril dos Fornos. Destacan que a parcela presenta unha situación selvática e é supón un foco de insalubridade que preocupa á veciñanza da contorna. Outro exemplo para eles de falta de mantemento, tamén no casco histórico, é o do edificio sito na rúa da Catedral número 13 que mesmo foi ocupado.

Os socialistas denuncian falta de atención da Xunta á Muralla

A deputada socialista lucense Lara Méndez denunciou a situación na que se atopa a muralla de Lugo pola falta de tarefas de limpeza e mantemento, que competen á Xunta de Galicia ao tratarse dun ben patrimonio mundial. Por ese motivo, vén de rexistrar unha iniciativa parlamentaria na que reclama ao Goberno galego que lle presente ao monumento a atención que preci-

sa. Méndez sinala que a Muralla é un dos principais motivos polos que a capital luguesa se ten convertido nun referente turístico nos últimos anos, de modo que o “estado lamentable” no que se atopa a día de hoxe “dá moi mala imaxe”, tanto da cidade como de Galicia, porque se trata dun dos únicos catro bens galegos que contan co recoñecemento da Unesco.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

DEPUTACIÓN



Un convenio achega á Feafes 34.000 euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), Manuel Fernández Prado, un convenio mediante o cal a institución provincial achega 34.000 euros para colaborar co programa de intermediación laboral e prácticas laborais que ofrece FEAFES.

Esta iniciativa vai dirixida ás persoas que padecen problemas de saúde mental, un colectivo que sofre importantes dificultades para acceder ao mundo empresarial. Este proxecto pon a disposición dos usuarios e usuarias un servizo de inserción laboral específico que ten en conta as súas características e dificultades e que se centra principalmente na intermediación laboral e na realización de prácticas.

O obxectivo é tratar de promover o desenvolvemento profesional das

persoas con problemas de saúde mental a través da aprendizaxe en situacións laborais reais.

Nesta liña, FEAFES Galicia pretende por unha banda, detectar e crear novas posibilidades de ocupación que faciliten o acceso deste colectivo ao mercado laboral, ao tempo que trata de eliminar os prexuízos existentes na sociedade sobre as capacidades profesionais e produtivas das persoas con problemas de saúde mental.

Concretamente, a través desta achega económica que realiza a Deputación de Lugo FEAFES contratará a un profesional que realizará tarefas de prospección no mercado de traballo para persoas que padecen problemas de saúde mental que residan na provincia de Lugo. Ademais, esta colaboración tamén permitirá a inserción laboral de persoas que padecen problemas de saúde mental a través dunha bolsa de prácticas.

Renovan o servizo contra incendios nos edificios da Deputación

O Goberno provincial aprobou a adjudicación dun novo contrato para a prestación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos seus edificios. Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen detallou que este contrato, cun importe de máis de 100.000 euros, foi adjudicado á empresa CLECE FS e terá unha duración inicial de dous anos, prorrogables por outros dous.

Segundo explicou Pablo Rivera, “este servizo ten como obxectivo garantir a seguridade dos traballadores, usuarios e veciños, mediante a aplicación de medidas de mantemento preventivo, correctivo e

técnico en todas as instalacións dos centros provinciais”. Entre as tarefas que se levarán a cabo atópanse a revisión, reparación e control de equipos esenciais como extintores, bocas de incendio, hidrantes, sistemas de detección e alarma, así como sistemas de control de fume e calor.

O deputado destacou que este novo contrato “reflicte o compromiso da Deputación de Lugo coa seguridade e protección nos seus edificios, asegurando que as instalacións estean en condicións óptimas e cumpran coa normativa vixente”. Ademais das actividades de mantemento, o contrato inclúe un plan de formación teórica e práctica para o persoal dos centros.

Aprobados 41 proxectos de medio ambiente das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe definitiva das entidades sen ánimo de lucro que resultaron beneficiarias da liña de axudas de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial para desenvolver proxectos medioambientais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. En concreto, son 110.000 euros para desenvolver 41 iniciativas que porán en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Así o anunciou na rolda de prensa o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

Rivera Capón informou que “destinamos un total de 60.000 euros para 28 proxectos que se realizarán na Reserva Terras do Miño e 50.000 euros para desenvolver 13 actuacións na Reserva dos Ancares Lucenses”. Así mesmo, o Deputado sinalou que esta é a cuarta convocatoria desta liña de axudas que puxo en marcha a institución provincial o pasado mandato e subliñou que “da man de entidades asociativas asentadas nestes territorios contribuímos a coidar

e preservar o medio ambiente, ao mesmo tempo que impulsamos o seu desenvolvemento social e económico da maneira sostible”.

Pablo Rivera afirmou que estas axudas van desde o 1.000 ata os 7.000 e puxo en valor o éxito desta convocatoria “que nos levou a incrementar hai un ano o orzamento nun 30%, ata alcanzar os 110.000 euros, o que nos permite desenvolver máis iniciativas que continúen dinamizando as Reservas da Biosfera”.

Alguns dos proxectos que se van levar a cabo grazas a estas axudas son: un programa de educación ambiental para persoas con diversidade funcional, que realizará a asociación Capaces Lugo; unha xornada de micoloxía e diversos obradoiros sobre plantas silvestres e medicinais da man da Asociación de Veciños da Parroquia de Santiago de Sancovade (Vilalba); ou labores de mantemento de rutas de sendeirismo a través da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, entre outras actuacións.

O deputado provincial tamén puxo en valor o esforzo que realizamos a institución provincial para impulsar

e potenciar estes territorios “un traballo que, por suposto, facemos da man das entidades e dos colectivos relacionados con este ámbito, porque somos plenamente conscientes da súa importancia para dinamizar a actividade social, cultural e económica das Reservas da Biosfera”, avanzou.

APREVAR. Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno sacou tamén adiante un acordo coa Asociación Provincial de Reparación e Venda de Automóbiles e Recambios (Aprevar), mediante o cal a Deputación achegará a esta entidade un total de 35.000 euros para colaborar cun proxecto de formación semipresencial.

Pablo Rivera comentou que “Aprevar porá en marcha un plan formativo dirixido a traballadores ocupados da provincia no que se incluírán accións de aprendizaxe relacionadas con este sector, no que constantemente se producen innovacións tecnolóxicas. Ademais, con esta iniciativa, contribuímos a mellorar a cualificación dos profesionais, fomentando así a competitividade e a modernización das empresas da provincia”.

A Vicepresidencia crea Marela!, un programa de impulso da raza Rubia

A Vicepresidencia presentou Marela!, un novo programa para a promoción e potenciación das reproductoras inscritas da Raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

O deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García foi o encargado de detallar este programa que nace co obxectivo de promover o desenvolvemento do sector gandeiro, como sector estratéxico da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural.

Marela! conta cun orzamento de 200.000 euros e beneficiará a 500 animais con axudas unitarias de 400 por animal, cun límite máximo de 6 animais por granxa que cumpren cos criterios establecidos nas bases. As bases serán publicadas o luns 2 de setembro.

Daniel García explicou que “con Marela! queremos apoiar a un sector que leva sendo castigado de xeito histórico e recorrente nos últimos



anos, e máis recentemente durante a pandemia da COVID, a crise da guerra de Ucraína pola suba dos conxuntos dos elementos que forman parte do proceso produtivo, a excesiva burocratización na tramitación das axudas da nova PAC e recente elevadísima incidencia da EHE e da lingua azul nos animais das ganderías”.

Poden ser beneficiarias tanto as persoas físicas como xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da

provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan al menos unha femia reproductora desta raza, nadas nas propias granxas, que pasara o Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o pasado 2023. Os animais beneficiarios da axuda deben permanecer polo menos durante 3 anos na granxa do titular solicitante, con posibilidade de subrogación dos dereitos.

AO NOSO CARÓN

Comezan as obras da estrada entre Lugo e Palas de Rei

A Deputación de Lugo iniciou a finais de agosto, as obras de acondicionamento na estrada provincial LU-P-2901, que conecta a capital da provincia polo Burgo con Palas de Rei. Con un investimento de preto de 200.000 euros, a institución acometerá importantes traballos de acondicionamento en case 3 quilómetros desta vía, ao seu paso polos concellos de Guntín, Friol e Palas de Rei.

As obras inclúen a reapertura

de cunetas, a pavimentación con aglomerado en quente e a renovación da sinalización viaria.

Concretamente esta institución provincial actuará, no tramo comprendido entre os quilómetros 18,4 e 21,3, e ten un prazo de execución de 2 meses. Unhas obras que completarán as actuacións de acondicionamento desta vía pola institución, quedando así renovada na súa totalidade cun investimento que

supera o millón de euros. A Deputación actuou recentemente entre os puntos quilométricos 3,340 e 5,400; entre os puntos 5,500 e 13,100; e entre os quilómetros 21,370 e o 25,000.

A renovación total da vía beneficiará a moitos veciños e veciñas xa que esta estrada vertebrará a comunicación dos concellos de Lugo e Palas de Rei. Ademais, é unha vía moi empregada polos peregrinos por situarse ao pé do Camiño de Santiago.

A provincia contará con 17 obradoiros duais en 46 concellos

A Xunta aprobou 17 obradoiros de emprego duais en Lugo, aos que destina un investimento de máis de 7,1 millóns de euros. Unha parte do orzamento destinarase a incentivar a contratación das persoas participantes unha vez rematada a súa formación.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, explicou que as iniciativas aprobadas implican a 46 concellos e están dirixidas a mellorar as oportunidades laborais de 340 persoas desempregadas. Entre os sectores aos que fan referencia estas accións -que se estenderán durante 9 meses- rexístranse os relativos á atención socio sanitaria, distintos aspectos da construción, o sector forestal ou de viveiros e xardíns, a limpeza, xestión de residuos, turismo, tratamento de

datos e control de pragas.

Estes obradoiros perseguen mellorar a empregabilidade, ofrecendo unha formación teórico-práctica para o emprego de calidade. Ao tempo, suporán a mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, así como a prestación de servizos de interese xeral e social que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para o conxunto da sociedade.

Para acceder a estes programas, priorizaranse as persoas con especiais dificultades de inserción: mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornadas, persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego, desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos ou persoas que carecen de títulos

universitarios e de FP de grao superior, entre outras. Terán preferencia tamén as persoas discapacitadas ou as beneficiarias do tramo de inserción da renda básica de Galicia, así como as que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

A Xunta encargárase de financiar a formación profesional para o emprego, así como os custos salariais derivados dos contratos de traballo subscritos cos participantes, que serán 20 por taller. Desde o 2009, a Xunta destinou máis de 490 millóns de euros a case un milleiro de obradoiros duais, que se realizaron con preto de 21.000 participantes.

Uns 550 proxectos foron asesorados nos polos de emprendemento



Xa son máis de 550 proxectos, en diferentes etapas de desenvolvemento, os que se levan atendido a través dos cinco Polos que están abertos actualmente na provincia de Lugo: Friol, Mondoñedo, Sarria, A Fonsagrada e Monforte de Lemos. Ademais, a través desta Rede -unha iniciativa na que se presta asesoramento individualizado e gratuito a calquera persoa que queira emprender un negocio ou consolidar o que xa ten- os técnicos e asesores de Lugo xa realizaron 1.460 titorías, tanto en liña como presenciais, coas persoas emprendedoras, das cales un 57% son mulleres.

Canto aos sectores predominantes en Lugo, destaca a hostalaría (22%), seguido do comercio (12%) e da agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (11%). Entre os proxectos atendidos, tamén figuran máis dunha trintena específicos de remuda, xa que a Rede de polos ofrece tamén un acompañamento para

asesorar, axilizar e facilitar os procesos de transmisión de negocios en funcionamento establecidos no territorio galego para garantir a súa continuidade e evitar o peche por falta de persoas emprendedoras que os manteñan. O programa permite, deste xeito, poñer en contacto a aqueles que venden ou alugan a súa empresa, con persoas interesadas en facerse cargo dela, apostando así por un proxecto empresarial consolidado e viable e reducindo os riscos da posta en marcha dun novo negocio. Ademais, a Xunta ofrece axudas a través do Bono remuda, unha convocatoria aberta ata o 30 de outubro e dotada con 1,5 millóns de euros.

Ademais, o dinamismo dos polos de Lugo -no seu papel fundamental como vertebradores do territorio- reflíctese nas máis de 270 actividades que levan organizado, entre reunións con entidades do territorio, accións de formación e eventos.



¡Marela!

Axudas para a Promoción e Potenciación de Reprodutoras de Raza Rubia Galega

DEPUTACIÓN DE LUGO Rural VICEPRESIDENCIA

EN BREVE

ROIMIL. A comisión de festas de Roimil, en Friol, organiza o sábado 21 de setembro unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros, na que se incluírá unha cea e actuación musical para amenizar a noite. Para asistir é preciso anotarse antes o 17 de setembro.

MAIORES. O Concello organiza unha excursión para o disfrute dos maiores o día 12 de setembro. A viaxe comeza diante da casa do Concello ás 8:30 para visitar as zonas de Caión, Malpica, Cambre e Ares. A totalidade dos custes e a organización da viaxe son con cargo a fondos do Concello. Para anotarse é necesario facelo antes do venres 5 de setembro.

CURSO. O Concello de Friol, a través de Afammer (Asociación de Familias e Mulleres do Medio Rural) convoca un curso gratuito sobre Técnicas de Estudo, dirixido a mulleres maiores de 18 anos, que se levará a cabo o 13 de setembro en horario de 16.00 a 22.00 horas no centro sociocultural.

San Paio de Narla estrea un proxecto que afonda na historia

O Museo de San Paio de Narla reconfigúrase como un espazo dedicado a afondar nas vidas e acontecementos dos que foi escenario ao longo da historia cun novo proxecto museolóxico titulado *Soterradas, vidas e historias na busca dun contexto de xustiza social*, que intervén o percorrido visitable do museo con instalacións que recuperan episodios acontecidos no edificio e noutras fortificacións das terras e comarcas de Lugo. Un dos elementos centrais da renovación é unha instalación cunha liña do tempo que repasa a historia da edificación, desde o primitivo Castelo medieval derruído ata a contemporaneidade. Afondan no contexto histórico un panel sobre a incidencia da Gran Revolta Irmandiña na construción do edificio e outras instalacións que chaman a atención da persoa visitante sobre os alxuves ou picotas, onde os señores executaban e infrinxían castigos aos seus vasallos,



e as cámaras de tiro desde as que se defendían as fortalezas. Ademais do contexto histórico e evolución arquitectónica do edificio, a nova museografía visibiliza as biografías das señoras de Narla e sinala o coleccionismo e os gabinetes de curiosidades da nobreza como orixes dos museos. As instalacións e paneis informativos inclúen códigos QR para acceder a documentos históricos ou dramatizacións en relación

cos feitos narrados, contido xerado a partir do traballo de documentación e investigación coordinado por Simón Vicente. A xerente, Encarna Lago, explicou que “o que fixemos con este proxecto é hackear o propio museo: baleiralo dun contido que non era propio (etnográfico) para enchelo do contido que nos proporcionan a historia da fortaleza en paralelo a doutras fortificacións das comarcas de Lugo”.

Chegan as festas de Ponte de Outeiro e a Feira do Cabalo

Ponte de Outeiro celebrará as súas festas a partir do venres 6, ás 22.00 horas, con petiscos veciñais, antes dunha verbena, da que se encargará Discomovil Eventec.

O sábado 7, ás 13.30 horas, haberá misa solemne e procesión con Asubíos da Chaira. O grupo Fénix será o encargado de amenizar a sesión vermú deixando a verbena para as orquestras Capitol e Marbella.

Así mesmo, o domingo repetirase a misa ás 14.00 horas e o apartado musical estará dirixido pola orquestra D'Noche en dobre sesión.

Ademais, a Feira do Cabalo volve outro ano máis ao mercado gandeiro o sábado 7 de setembro a partir das 8.00 horas. Haberá probas equinas e a xornada incluírá música e postos de venda con artigos de equitación, artesanía e os típicos de feira. Tamén haberá postos de comida con polbo e churrasco e actividades para nenos. O Concello vai entregar un agasalho aos que vaian a cabalo á feira.

O PP solicita a nulidade dos acordos do pleno de xullo

Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Pol veñen de presentar no Concello un recurso de potestativo de reposición para pedir a nulidade da convocatoria, celebración e acordos tomados no pleno extraordinario celebrado o pasado 24 de xullo.

A voceira popular, Nicole Grueira, explica que “vémonos na obriga” de tomar esta medida “cansos de ver como o alcalde se salta todas as normas e obrigas legais” xa que “este pleno non se convocou nin se celebrou coa antelación legal marcada pola lei”.

Cómpre recordar que a lexislación vixente establece un prazo de 48 horas para a convocatoria dun pleno extraordinario, reducindo o prazo a 24 horas no caso dun pleno extraordinario e urxente. Neste caso, o pleno extraordinario convocouse en torno ás 12:00 horas do 23 de xullo, celebrándose ás 09:00 horas do día 24 de xullo. “Queda claro que non se cumpriron os trámites legais establecidos”, denunciou.

Neste pleno o equipo de goberno aprobou en solitario a modificación dos estatutos da Fundación Terras de Pol, un acordo que “entendemos non é legal por non cumprirse cos trámites legais establecidos”.

EN BREVE



FESTA AO EMIGRANTE. A carballeira de Mosteiro acolleu unha nova edición da Festa do Emigrante, un encontro co que o Concello homenaxea aos veciños e veciñas que marcharon na busca dun futuro mellor. Centos de persoas reuníronse para esta celebración que é xa un referente e que ten como eixo o descubrimento dunha placa ao Emigrante, da man do pegoiro desta edición, o mestre José Antonio Fernández López, da parroquia de Silva.



LEÑA VERDE. Leña Verde celebrou os seus trinta anos de actividade. Un xantar popular deu comezo a unha tarde de música con actuacións do grupo de música tradicional portuguesa da Associação Cultural de Chafé, de Viana do Castelo, de Uxía e do grupo de Pol, que compartiu co público o legado emocional e musical de tres décadas de traballo na formación e difusión da música e do baile tradicional.

A Deputación investirá en completar as instalacións deportivas de Mosteiro



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres investir 230.000 euros en Pol para completar as instalacións deportivas de Mosteiro. Así o informou a Voceira socialista, Pilar García Porto, quen lembrou que con esta nova achega a institución provincial leva xa investidos preto de 1 millón de euros para dotar a este municipio dunha gran área de lecer e deportiva cun campo de fútbol de herba natural e un área de xogos.

“Un importante compromiso que adquirimos para que este espazo se converta nun eixo dinamizador social e económico da localidade que favoreza o asentamento de po-

boación no rural”, explicou García Porto.

Detallou a Deputada que gracias a este novo investimento poderán levarse a cabo diferentes actuacións importantes para completar unhas instalacións deportivas de primeiro nivel. Neste sentido a institución provincial investirá algo máis de 47.080,27 euros para os cerramentos do polideportivo, 43.757,79 á mellora da drenaxe perimetral na pista e mellorar as gradas do campo de fútbol, achegando 45.265,10 para o seu equipamento, 46.529,17 para pinturas e revestimentos e outros 46.029,69 euros para un sistema de climatización.

O PP culpa a Tomé da paralización da rehabilitación de San Rafael

Dende o Concello de Castro de Rei lamentan que o Ministerio non poida facerse coa propiedade do edificio do antigo Hospital Psiquiátrico, así como dunha porción de terreo anexa ás construcións, “porque nós sempre defendemos a rehabilitación do edificio (con independencia dos usos aos que fose destinado), peticións que fixemos, tanto dende o Concello como dende o Grupo Provincial do PP na Deputación ó longo destes anos”.

“Dende o Concello sabemos que o único responsable de que o Goberno non poida adquirir a propiedade do edificio e dos terreos, é a propia Deputación, que durante estes últimos anos non se preocupou de regularizar a situación da parcela na que se asenta o edificio, na que actualmente coexisten varios usos mezclados e confundidos: gandeiros e sociosanitarios. A Granxa Experimental de Vacún de Leite, feita en colaboración coa USC, está practicamente pegada ao edificio do Psiquiátrico, de xeito que os dous usos (gandeiro e sociosanitario) coexisten na mesma leira”, din.

“Para poder segregar unha porción de terreo na que se inclúa o edificio e a súa posterior cesión ao ministerio, é necesario que o propietario tramite un Plan Especial de Dotacións, tal



e como se lle explicou á Deputación hai máis dun ano por parte dos Servizos Técnicos e Xurídicos do Concello, pero a Deputación neste tempo non presentou nada, nin sequera un Anteproxecto”, engaden.

Asegura o alcalde que aínda así o edificio pode rehabilitarse como tal para os fins previstos polo Ministerio, sendo suficiente con presentar un proxecto de rehabilitación no Concello, pola vía do artigo 40 da Lei do Sólo de Galicia (LSG), podendo obter licenza de obra en tres meses, “pero aquí ninguén presentou nada, ni a Deputación, nin o Ministerio”.

“Dende o Concello nunca puxemos trabas ás pretensións da Deputación, ademais nunca nos solicitaron nada. Aínda a Día de hoxe estamos en disposición de conceder licenza

se a solicitan, pero insistimos en que durante este ano e medio (dende que anunciaron a noticia da cesión), non presentaron ningunha solicitude de licenza, nin de obra, nin de segregación da parcela a través da figura urbanística correspondente”, afirma.

Pola súa banda, desde a Deputación explicaron que o alcalde de Castro de Rei fixo estas declaracións agora porque “sabía que era o culpable, pois el é o único responsable de que este proxecto non vaia adiante e se poida perder este importante investimento. Por iso mente cando di que dende a Deputación non remitiu ningún papel ao Concello, cando non é así e é moi fácil de demostrar porque temos a documentación coas datas nas que entraron no Rexistro”.



Remata a obra de mellora dos accesos a núcleos de Viladonga

A Consellería do Medio Rural investiu 48.200 euros no acondicionamento dos accesos a varios núcleos de poboación da parroquia de Viladonga, no municipio de Castro de Rei, a través das achegas do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR).

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou xunto co alcalde, Francisco Balado, o resultado dos traballos executados na estrada que parte da N-640 e discorre por Casela, Rúa de Arriba e a igrexa e o camposanto de Santiago de Viladonga, e tamén en dous ramais que conducen a vivendas e garaxes e a unha vía municipal.

Acondicionáronse en total preto de 1,4 quilómetros de vía; 925 metros

corresponden á estrada principal, onde se renovou por completo o firme con dobre rego asfáltico previa regularización do terreo e o ensanche dalgúns puntos. Aplicouse unha capa de reforzo da plataforma nas curvas existentes entre os puntos quilométricos 0,300 e 0,500, para permitir o paso de vehículos con maior radio de xiro.

Así mesmo, procedeuse á limpeza ou reapertura das cunetas para evitar a acumulación de augas de escorrentía, pintáronse as marcas viarias e instalouse a sinalización horizontal necesaria. Ademais, acometeuse o reforzo e rexeneración do firme dos ramais, de 300 e 150 metros de lonxitude.



O Concello limpou todos os contedores de lixo

O Concello procedeu á limpeza de contedores do lixo do termo municipal. O equipo de limpeza estivo traballando arduamente para asegurar que todos os contedores de lixo estean en perfectas condicións. Un dos obxectivos desta medida é o mantemento en áreas verdes. “Asegurámonos de que os contedores nas áreas verdes tamén reciban unha limpeza completa, mantendo así os nosos espazos

públicos limpos e seguros para todos”, explican. Ademais, procédese ao coidado nas rúas, xa que levouse a cabo a limpeza exhaustiva dos contedores nas rúas do municipio, garantindo a hixiene e salubridade en todas as áreas urbanas.

“O noso compromiso é manter unha contorna limpa e saudable para todos”, di o alcalde, Francisco Balado. O obxectivo é manter estas tarefas de forma regular.

Concentracións da veciñanza en materia de educación e sanidade

Preto dun cento de persoas manifestáronse polas rúas de Castro Ribeiras de Lea, saíndo do CEIP Veleiro Docampo, nunha convocatoria realizada pola ANPA da escola. Alén das familias, acudiron tamén integrantes do profesorado e equipo directivo da escola, en apoio ás reivindicacións das familias.

As familias piden que se cumpra a legalidade, e que se doten as escolas co profesorado necesario para atender as necesidades básicas de funcionamento; critican que onde máis se está a recortar é nas escolas rurais. Quéixanse de que a Consellería acabará por facer “parches” de última hora en setembro, para simular que cumpre coas demandas, impedindo que os centros poidan organizar o curso debidamente, e aforrando o pago de vacacións ao profesorado substituto.

SERGAS. A veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio



de Castro de Rei volveuse concentrar convocado polo BNG.

O consultorio de Castro de Rei leva todo o verán pechado e a veciñanza das parroquias afectadas teñen que desprazarse ata Castro Ribeiras de Lea para ter atención médica. “A veciñanza das parroquias afectadas xa están cansas de que o PP os ningunee, o servizo médico precisase durante todo o ano”, declarou Olga García.

No último pleno, o BNG de Castro

de Rei presentou unha moción para instar ao alcalde a que se posicionara de lado da veciñanza e esixise á Xunta de Galicia a apertura deste centro, esta moción ía acompañada de 200 sinaturas recollidas polas parroquias afectadas. “O grupo municipal do PP votou en contra desta moción, está claro de parte de quen esta o Sr. Balado e a súa equipa”, informa a concelleira nacionalista. Ademais, a Xunta comunicou que o peche ampliarase ata o 1 de outubro.

portomarín

A ANPA maniféstase contra o recorte do profesorado no colexio

A ANPA do CEIP Virxe da Luz de Portomarín cortou a ponte da estrada LU-633 de Sarria a Portomarín como sinal de protesta polos recorte de profesorado que se prevé para o curso 2024/2025.

Os manifestantes quixeron dar visibilidade á súa protesta cortando unha estrada do Camiño de Santiago e entrando no pobo polo itinerario que segue o Camiño de Santiago, de feito, varios peregrinos uníronse á protesta.

Esta protesta enmárcase nas reivindicacións que está a realizar a ANPA debido a que para o curso 2024/2025, a pesar de ter un incremento de matrícula, haberá só 2 aulas de Primaria en lugar das 3 que teñen actualmente.

“A Xunta de Galicia fai un recorte de profesorado ao non cubrir a praza de especialista de inglés, polo que en lugar dos 5 profesores actuais, haberá 4 profesores. Desta maneira, agrúpase o alumnado de Primaria de tres cursos: 1º, 2º e 3º nunha clase; e 4º, 5º e 6º noutra; o que sen dúbida supón unha perda de calidade do ensino repercutindo no futuro dos nenos e nenas de Portomarín”, din.



A Consellería de Educación incumpre o seu propio Acordo de Melloras respecto ao rateo do 11/10/23, que recolle que non se poden agrupar en Educación Primaria máis de 12 alumnos de Primaria cando pertencen a diferentes ciclos. Na aula prevista de 1º a 3º vai haber 14 alumnos, superando o rateo acordado.

XUNTA. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o alcalde de Portomarín, Pablo Rivas, mantiveron unha reunión de traballo na Delegación Territorial para valorar algúns dos proxectos que se levan a cabo no municipio coa colaboración do Goberno galego.

O alcalde interesouse pola organización das aulas de cara ao vindeiro curso no CEIP Virxe da Luz, que conta con tres unidades segundo a distribución interna decidida pola dirección do centro. O delegado asegurou que se manterá sen cambios a estrutura actual, garantindo as necesidades educativas do alumnado. Arias lembrou que a Xunta coopera cos concellos, ben con actuacións directas ou mediante programas de axudas, “na procura do desenvolvemento económico e social e do equilibrio territorial, establecendo as infraestruturas e dotacións que permitan fixar poboación moza nas zonas rurais”.

CAMIÑO DE SANTIAGO

Os representantes dos once concellos galegos polos que pasa o Camiño de Santiago Francés en Galicia, entre os que se atopaba Portomarín, visitaron este mes de agosto a Cruz de Ferro e Molinaseca, onde celebraron un homeaxe. Tamén asistiu o director do Xacobeo e a presidenta da mancomunidade.



Bota a andar na vila o programa Portomarín Concilia polas tardes

O Concello abre o prazo de solicitudes do programa Portomarín Concilia do novo curso escolar co que se pretende fomentar a conciliación, promover o traballo en equipo e socializar despois das clases lectivas. Deste xeito programan Tardes Lúdicas con actividades de ocio e tempo libre de luns a venres de 14.50 a 19.30.

Estas propostas, que contan con 20 prazas, están dirixidas a cativos de entre 3 e 16 anos e comezarán a impartirse o 11 de setembro. Tamén

poñen en marcha actividades extraescolares dende o 2 de outubro. Concretamente ofrecen patinaxe, predeporte, multideporte e zumba infantil os mércores, xoves e venres de 14.50 a 17.15 horas. O prazo de solicitudes mantense aberto ata o 4 de setembro. Os interesados poden solicitar máis información nos Servizos sociais municipais.

Por outra banda, abriu o prazo de solicitudes do Servizo Madrugado do novo curso escolar co fin de favorecer a compatibilización da vida

laboral, familiar e persoal ao inicio da xornada lectiva e apostar pola conciliación. Desenvolverase de luns a venres de 07.30 a 08.55 no CEIP Virxe Da Luz.

Trátase dun programa que oferta un total de 10 prazas e está dirixido a nenos de 3 a 12 anos matriculados centro. Comezará andar o 11 de setembro e os interesados poden facer as súas solicitudes ata o 4 de setembro. Os interesados poden solicitar máis información nos servizos sociais municipais.

Xunta e Concello avanza no proxecto da EDAR

Xunta e Concello seguen avanzando no proxecto para construír unha nova estación depuradora de augas residuais no municipio para mellorar o servizo que se presta á veciñanza. Así, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, comunicoulle ao alcalde que está previsto que Augas de Galicia adxudique nas vindeiras semanas o contrato para o servizo de redacción do proxecto construtivo da nova EDAR, cun orzamento inicial estima-

do de máis de 240.000 euros. Cómpre indicar que ese contrato inclúe tamén a mellora dos colectores xerais co obxectivo de dar solución ao problema das infiltracións de augas limpas na rede de saneamento. Segundo subliñou Ángeles Vázquez, a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade.

guntín



Melloran os camiños no Picato, en Guntín

O Concello de Guntín continúa a acometer melloras nas distintas parroquias do municipio e nos camiños que son tamén de titularidade municipal. Nas últimas semanas levaron a cabo traballos nos accesos á Ponte Cabalar e tamén na parroquia do Picato.

Estas obras súmanse ás actuacións nos camiños e nas pistas

de Nogueiras, Fontao, na Horta, en Arriba de Ferroi, no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante e na mellora do acceso ao núcleo de Lousadela. Dende o Goberno local apostan así por labores de mellora e acondicionamento do firme para facilitar a vida da veciñanza das súas 31 parroquias.

PEMENTO DE MOUGÁN



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, asistiu á Festa do Pemento de Mougán, onde exerceu como pegoira de vixésimo primeira edición deste evento. A IXP Pemento de Mougán conta con preto dunha decena de produtores, así como 5 almacenistas, e cunha superficie inscrita de 5 hectáreas situadas integramente no concello de Guntín, que permitiron acadar no pasado 2023 unha produción comercializada de preto de mil quilos de pemento.

Remata a obra da glorieta da N-6

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, supervisou as obras da nova glorieta que se está a construír na intersección do km 513,670 da N-6, no Concello de Outeiro de Rei. Así, visitou a zona acompañada polo alcalde, José Pardo Lombao, destacando esta actuación que suporá a mellora da seguridade viaria, financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana cun custo de 405.485,86 euros.

A subdelegada explicou que “a intervención consiste na transformación en glorieta da actual intersección en ‘T’ da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, o que mellorará a súa funcionalidade ao resolver os importantes movementos de xiro que alí se realizan”.

Nesta liña, defendeu o traballo “dun Goberno que está a resolver progresivamente os problemas dos concellos da provincia, aportando solucións en materia de infraestruturas e reducindo os perigos nas estradas”.



A glorieta incrementará polo tanto a seguridade viaria da zona, facilitando todos os movementos e permitindo reducir a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei, dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á mesma.

Ademais, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Ademais, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Ademais, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

O pleno aprobou o regulamento das piscinas e o orzamento anual

O Concello de Outeiro de Rei celebrou un pleno de carácter extraordinario con motivo de discutir os expedientes 859/2024 e 856/2024.

O primeiro expediente responde á aprobación do regulamento oficial das piscinas municipais de Outeiro de Rei, que foron inauguradas o pasado venres 2 de agosto. A normativa á que están suxeitas as piscinas recolle puntos diversos, como as tarifas, explotación do bar, ou convenios con distintas empresas de aloxamento do concello para que os hóspedes poidan usar as piscinas con descontos. O regulamento foi aprobado con normalidade con 10 votos a favor e 2 en contra.

O segundo expediente corresponde coa aprobación do orzamento xeral do Concello, que recolle distintas cuestións, como o presuposto, masa salarial, aprobación de persoal, etc. O presuposto do Concello de Outeiro de Rei sitúase este ano arredor dos 9.300.000 euros, co cal continúa a crecer respecto ao ano anterior, ao igual que a poboación.

Dende o equipo de goberno afirman que seguirán cun proxecto político constante, que é o que leva a Outeiro de Rei a ser un dos concellos con máis desenvolvemento de toda Galicia.

Seguirase apostando pola inversión en novas infraestruturas públicas que melloren a calidade de vida dos cidadáns e tamén supoñan crecemento económico, así como novos postos de traballo. O orzamento aprobouse con 9 votos a favor e 3 en contra.



NOVAS PISCINAS
Abriron as novas piscinas municipais no mes de agosto. As obras incluíron a instalación de dúas piscinas -unha de uso infantil e outra para adultos-, unha zona destinada a aseos, vestiarios e enfermaría, un edificio polivalente para unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños, así como un centro de BTT cunha zona de taller, unha área exterior de lavado e aseos.

PSOE. A voceira do PSdeG en Outeiro de Rei, Carmen Acacio, votou en contra dos orzamentos no pleno extraordinario convocado polo alcalde da localidade porque as contas “chegan tarde e son un copia e pega dos anos anteriores, polo que non son operativas nin eficaces para a veciñanza”.

Reprochou Acacio ao rexedor que convoque un pleno extraordinario “a correr” no mes de agosto para aprobar unhas contas do ano en curso, demostrando “a nula planificación” do Concello. “É un orzamento que, segundo sexan superados todos os trámites administrativos para a súa entrada en vigor, nacerá morto porque o exercicio 2024 está a piques de rematar”, valorou.

“É unha mágoa constatar no informe de Intervención o incumprimento da regra de gasto”, lamentou a socialista, que explicou que o Concello estará obrigado á reelaboración dun plan económico financeiro con medidas correctoras.

Engadiu Acacio que “pasaremos a ter as contas tuteladas pola mala xestión dos recursos do Concello”. Durante a sesión municipal, Carmen Acacio detallou que os orzamentos, ademais, están “inflados”.

Puxo como exemplo a partida de 1.519.858,54 euros consignada ao Plan da Palloza, “que se sucede ano tras ano, pero que non se executa”. Censurou que o alcalde prometa aos veciños cousas que non vai cumprir, como as obras urbanización ou das augas fecais.

Entregan o 8 as navallas de Manuel María

A Irmandade Manuel María e a asociación cultural Xermolos concedenlle este ano a Navalla de Manuel María ao músico e rexedor de Sober, Luis Fernández Guitián, e, a título póstumo, á activista sociocultural María Xosé Neira Maseda, falecida en febreiro deste mesmo ano no acto Memoria da Chaira Enteira.

A distinción a Fernández Guitián vénlle concedida pola súa actividade cultural e pola súa amizade con Manuel María.

Os actos de entrega desta distinción faranse no acto de lembranza ao poeta chairgo que terá lugar o 8 de setembro, aniversario do seu pasamento, en Outeiro de Rei.

Haberá un xantar xunto ao río Ladra, seguido ás 17 horas dun recital en Penas de Rodas, outro acto no cemiterio de Outeiro de Rei ás 18:00 horas e rito compartido celebrando a amizade e o compro-



miso dos homenaxeados en Santa Isabel.

O economista Manuel Rajo López será o encargado de disertar sobre Luis Fernández Guitián e a mestra Sabela Núñez Singala achegará a traxectoria de María Xosé Neira Maseda.

Para apuntarse a xantar hai que reservar no teléfono 646 413 890.



Os populares denuncian as fochancas das vías LU-P-3906 e LU-P-3907

O portavoz provincial do PP, Antonio Ameijide, e o alcalde, José Pardo, atenderon as queixas de veciños e veciñas afectados polas fochancas das vías LU-P-3906 e LU-P-3907 que incluso sinalizaron para velos e poder esquivalos. Este estado de “total abandono” nas vías provinciais contrasta co bo estado que presenta, por exemplo, a parte da primeira estrada que é municipal.

Ameijide preguntase se non lle dará vergoña ao presidente da Deputación Provincial, José Tomé, a diferenza que se aprecia na comparación entre o estado das vías municipais que o Concello mantén en bo estado fronte ao estado intransitable das estradas que con competencia da Deputación de Lugo no municipio”. Pardo subliña que “a Deputación de

Lugo, con gobernos do PSOE e BNG, non fixo nin un asfaltado integral nas vías do municipio de Outeiro de Rei. Fai anos que non se renovan as estradas da Deputación no noso concello”. Os populares súmanse ás reivindicacións dos veciños polo estado “intransitable e perigoso” destas vías que discorren, entre outras, polas parroquias de Mosteiro e San Fiz de Paz.

Ameijide lembra que “estas vías comunican varios núcleos e tamén serven de acceso á prisión de Bonxe e a un ximnasio polo que son estradas moi concorridas. Precisamente ese volume de tráfico incrementa o seu desgaste e, nas condicións nas que se atopan actualmente, supoñen un importante perigo para condutores, vehículos e veciños da zona”.

castroverde

50 expositores protagonizaron a Feira de Artesanía e Gastronomía

A deputada de Economía, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, xunto ao alcalde de Castroverde e Deputado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias, asistiron á décimo sétima edición da Feira de Artesanía e Gastronomía deste municipio. A institución provincial realiza unha achega económica de case 30.000 euros para colaborar con diversas actuacións, entre as que se enmarca este evento.

Durante toda a xornada, que como cada ano rexistrou numeroso público, celebráronse múltiples actividades, así como degustacións de pratos típicos locais. A Feira, na que tamén se incluíu unha concentración de motos e vehículos clásicos, deu comezo ás 10:00 horas e durante toda a xornada os veciños e visitantes puideron desfrutar de demostracións de oficios tradicionais e obradoiros artesanais.

Ademais, tamén tivo lugar unha actuación de música e baile tradicional a cargo da Asociación Cultural Falcatrueiros e unha representación teatral da compañía Teatro ó Cubo. A programación tamén incorporou



un espectáculo circense de Sempre Arriba e unha actuación de maxia para rematar a xornada da man dos artistas Ian e Elisa.

Tamén se achegaron a deputada galega do BNG Montse Valcárcel, así como pola deputada provincial de Cultura do BNG Iria Castro. Valcárcel mostrou a súa lelicia por poder apoiar esta feira que pon en valor as tradicións desta zona de Lugo. "Castroverde ten un potencial inmenso e débese impulsar para que sexa un referente desta comarca". Destacou a importancia dos oficios tradicionais que deben "contar con

políticas de impulso e apoio para ser un motor de desenvolvemento económico das zonas nas que se desenvolven".

Con respecto disto, Valcárcel reclamou "que haxa axudas para que todas as persoas que queiran seguir coas nosas tradicións poidan facelo, cursos e promoción para que estas sabedorías non se perdan". Para finalizar, a deputada nacionalista quixo agradecer o traballo que fan os artesáns porque "son os que lle dan sentido a esta feira, un lugar que amosa todo o potencial que temos neste país".

Chega a conciliación cos programas de Madrugadores e Tardes no Cole

O Concello de Castroverde pon en marcha os programas de Madrugadores e Tardes no Cole para o novo curso. Deste xeito, pretenden conciliar a vida laboral coa laboral a través do servizo no que os nenos serán atendidos por persoal especializado no seu coidado antes da entrada ás clases.

O servizo, organizado polo Goberno local coa colaboración da Xunta e do centro do municipio, comezará o

11 de setembro en horario de 7.00 a 9.35 horas todos os días lectivos. Terá lugar no salón de actos do CPI Pllurilingüe de Castroverde e será totalmente de balde, aínda que os cativos poderán levar o almorzo da casa. As inscricións poderán facerse nas oficinas do Concello entregando a solicitude que se encontra na web. Ademais, grazas ao programa de Tardes no Cole a cativada poderá participar en actividades deportivas

e de psicomotricidade. Organizan obradoiros de expresión artística, plástica, saúde e hixiene, coidados medioambientais, xogos e xoguetes non sexistas, lectura, teatro, música, expresión corporal e xogos de rol. Terán lugar no centro de luns a martes de 16.15 a 18.30 e mércores e xoves de 15.25 a 18.30 horas. Teñen un custo de 30 euros ao mes e as inscricións tamén se fan nas oficinas do Concello.

Outeiro programa a Festa do Ecce Homo

A parroquia de Outeiro programa a Festa na honra ao Ecce Homo a comezos deste mes. O sábado 7 comezan cunha misa solemne e procesión co grupo Pekados que tamén estará na verbena xunto con Los Satélites. Ao día seguinte continuará a festa con misa solemne de novo e procesión. Ademais, a música volverá a ser protagonista na sesión vermú coa disco móbil Patakiña que amenizará o fin de festa. O campo da festa estará cuberto cunha carpa.

As escolas municipais comezarán en outubro

En outubro comezan as escolas municipais cunha variada oferta de actividades para todos os cativos. Este ano ofertan cursos de natación para nenos de entre 3 e 16 anos, ximnasia de mantemento e baile latino e de salón para os maiores de 16.

Para que se leven a cabo cada unha das actividades deberá ha-

ber un mínimo de alumnos. O prazo para inscribirse remata o 15 de setembro e as propostas comezarán a botar a andar en outubro. Os interesados poden realizar a súa inscrición nas oficinas do Concello. O servizo está organizado polo Goberno local coa colaboración da Xunta e do centro do municipio.

Instalarán un decantador na estación de tratamento de auga potable

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Rábade, Remedios González, mantiveron recentemente unha reunión na que avaliaron o proxecto para instalar un decantador de auga na estación de tratamento de auga potable (ETAP) da localidade. Nesa liña, a alcaldesa trasladoulle á conselleira a memoria valorada deste proxecto municipal, que será avaliada por Augas de Galicia de cara a establecer posibles vías de colaboración

entre as dúas administracións.

A maiores, tamén analizaron a posibilidade de cooperar para levar a cabo as obras necesarias para mellorar o servizo de saneamento á contorna da avenida de Vilalba. A conselleira aseguroulle á alcaldesa que a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade á súa veciñanza.

ESBATUXADA



Rábade celebrou a XXII edición da Esbatuxada, o descenso de embarcacións de fabricación caseira polo Miño. Anotáronse un total de 8 batuxos, entre a categoría de adultos e infantil, a maior participación dos últimos anos. Os gañadores, que levan 650 euros repartidos en catro premios, foron Viaxe á lúa e Mollados coma pitos na categoría infantil e A Catacumba e Os amigos na categoría adultos.

o corgo

O Corgo celebra a Festa do Avó e as patronais

O Corgo celebra a Festa do Avó deste ano este mes de setembro. A cita, que terá lugar o xoves 5, está dirixida a persoas maiores de 60 anos e cónxuxes e terá lugar no polideportivo do colexio. Os empadroados deberán aboar 5 euros, mentres que os que non estean deberán pagar 30.

Os vales adquiriranse na Casa do Concello dende o martes día 20 de agosto ata o luns 1 de setembro en horario de 9.00 a 14.30 horas. É obrigatorio presentar o DNI para anotarse. Os asistentes desfrutarán dunha actuación musical e sesión de baile e de sorteo de agasallos,

ademais dunha misa ás 13.30 horas e do propio xantar que comezará ás 14.30.

Do 13 ao 15 a veciñanza gozará das súas festas con formacións como París de Noia e a actuación de Henry Méndez.

O programa comeza o venres con verbena con París de Noia, disco móbil Coco Música e Dj Casanova. O sábado haberá sesión vermú con Zona Zero, que estará na verbena acompañada de Impacto e Dj Sonic. Ademais, contarán coa gran actuación de Henry Méndez. O programa remata o domingo 15 con sesión vermú da man de Elixir.

Rábade, anos de espera para volver gozar do Cine Man

O proxecto da reforma causa polémica, ademais de polos retrasos, pola nova distribución, que contempla os baños colocados detrás do escenario

Lucía Blanco

Moitos son os edificios con historia que, malia o paso dos anos e as posibles reformas que sofren, quedan no imaxinario colectivo para sempre. Rábade ten a sorte de poder conservar un dos locais que mellor garda a esencia da vila. No antigo Cine Man naceron os recordos cinematográficos de moitos veciños, que lembran como alí viviron as súas primeiras sesións de cine, entre eles José María Prado, director da FilMOTECA Española do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O edificio, situado na rúa Ángel Pena, moi preto da Casa Consistorial, abriu as súas portas no ano 1945 e contou con 415 prazas e pratea ata os anos 70. Con clásicos da época como *Dónde vas*, *Alfonso XIII* de Luis César Amadori ou *Pierrot le fou* de Jean-Luc Godard así como cos filmes de Cantiflas, Buster Keaton ou as cintas dos anos dourados de Hollywood, as súas butacas —ou cadeiras en función do abarrotado que estivera— foron o berce do amor pola sétima arte para moitos. Tempo despois, convertido na famosa sala de festas Agarimo, conseguiu atraer público de todos os puntos da comunidade e abarrotar durante as fins de semana un espazo modesto, pero que se posicionou como un dos mellores negocios de salas de baile de Galicia ata os anos 80, logrando competir na época dourada das macro discotecas.

A partir deste momento deu cabida a varios proxectos de pouco éxito e curta duración ata o seu peche definitivo. “Levaba moitos anos en

desuso. A xente dunha idade si que recorda cando foi sala de festas, porque a etapa na que funcionou coma cine xa é máis antiga. Pero si que se lembra coma un inmovible cunha historia importante en Rábade e para os rabadenses”, conta a alcaldesa, Remedios González. Pero para poñer en marcha o inmovible, que é propiedade do Concello dende o 2019, aínda queda.

“Estaba moi deteriorado, tiña uns anexos ao lado que tivemos que derrubar, por exemplo, pero vai tomando camiño”. Nesa tarefa contaron coa axuda dos irmáns Coira que estiveron informándolles “un pouco de que era o que necesitaba unha sala de cine, son moi coñecedores do tema entón pedímoslle axuda nese aspecto e asesoráronos”. Finalmente, inaugurarán unha nova etapa como sala de exposicións. “Vai máis cara iso que cara un centro sociocultural como tal. Si que se van a realizar moitas actividades culturais pero queríamolo enfocar máis cara ese lado”.

DISTRIBUCIÓN. Pero á espera de ver por fin rematado un proxecto que se foi dilatando no tempo, o seu uso e os cambios non convencen de todo. “Despois de ver os planos, fixémoslle unha proposta co Concello e falamos coa asociación Fillos da Chaira. O que fan tira máis cara un espazo multifuncional que moitas veces significa que non vai a funcionar ben para nada en concreto”, explica Carlos Coira, fundador da compañía Pinconús Teatro. Asegura que se promove un inmovible no que “nalgún

momento se pode realizar algunha actividade de teatro ou música, pero con moi poucos asentos porque están pensados para meter debaixo do escenario”. Un escenario que, ademais, está moi alto, o que implica “ter que separarse moito e non se ven unha obra de teatro e ademais é pequeno, duns 15 metros cadrados”. Nel tampouco se contempla colocar iluminación. “Cando en realidade é moi doado tal e como está a obra poñer unhas barras onde colocar uns focos, pero iso hai que facelo no proxecto e non é así porque non está pensado para iso”. Outra das cuestionables decisións en canto á distribución son os baños públicos. “Temos detrás do escenario, claramente creo que debería ir un camerino que é o sitio natural. Deste xeito, tes que pasar por detrás do escenario para ir a eles e hai luces que se acenden automaticamente nun lugar no que deberías ter escuridade total. Poderíase facer un escenario máis grande, unha grada, deixar a pantalla de cine tal e os baños na entrada”.

Pensan que con ese esforzo económico, “tendo en conta á xente que fai realmente teatro ou cine” e dándolle unha volta lograrían unha sala para cine, teatro e música cun aforo dunhas 150 persoas que para Rábade “estaría fantástico” e onde se podería facer moito máis que tal e como está contemplado. “É unha mágoa que un cine e un espazo así que podería ser un teatro de mediano tamaño marabilloso non se pensase”, di Carlos. A inauguración do proxecto, que conserva moitos elementos característicos da cons-



trucción orixinal como o lenzo da parte traseira, segue a estar en dúbida.

ACCESIBILIDADE. Nos últimos meses, os traballos centráronse na parte eléctrica e tamén na accesibilidade do cine, aínda que a súa recuperación remóntase 5 anos atrás coa compra do edificio por parte do Concello que quería darlle unha vida útil e evitar a súa desaparición. Pretendían dotalo dunha función municipal, proxecto para o que pediron a colaboración dos veciños co obxectivo de reunir toda a información sobre un dos edificios máis representativos do municipio. No 2021 adxudicouse unha primeira fase coa mellora da cuberta e contorna e a adecuación da sala para usos múltiples. Dous anos despois sacaban a licitación a última fase.

“No último tempo e despois da pandemia subiu tanto o prezo dos materiais que a primeira convocatoria estivo baleira, ninguén se presentou porque non podían facer fronte a eses gastos. Despois volvémosla licitar con algunha modificación e agora xa a colleu unha empresa”, engade a rexedora.

Case a metade da partida das inversións do orzamento aprobado neste 2024 destínase a súa reforma. Concretamente son 480.000 euros que proveñen de fondos europeos cos que se pretende avanzar nas instalacións. Isto supón un avance, recalca González, pero non vai a ser suficiente para lograr a súa pronta apertura, unha apertura que se prevía para finais do verán ou do outono do 2023, segundo sinalaba o anterior rexedor.

Queixas da veciñanza polo estado dos depósitos e da depuradora

A veciñanza de Rábade fixo público o seu malestar polo estado no que se atopa a parcela municipal onde están situados os depósitos de auga e a depuradora do servizo de abastecemento de auga.

Ademais do “estado de desleixo e abandono” no que se atopa o lugar, coa maleza sen cortar, lixo e falta de coidado, os veciños afirman que non hai valado, polo que calquera veciño pode acceder ao lugar ao estar totalmente aberta.

Consideran imprescindible que se



faga un valado para evitar “posibles manipulacións ou sabotaxes” e que

se adecúe a zona.

Por outra banda, o Concello de Rábade vén de dar comezo ás obras de urbanización e renovación dos servizos na avenida dos Remedios. Os traballos, que contan cun orzamento de 76.596 euros, están financiados con cargo ao Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación.

Está previsto que a actuación, moi necesaria polo tránsito da vía e o mal estado que presentaba, estea rematada a finais do mes de setembro.

A Xunta autoriza unha nova casa niño rural

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución de concesión das axudas para a creación de casas niño no rural. A Xunta de Galicia autorizou seis novas, cun orzamento de 560.000 euros, nos concellos de Baleira (Lugo), Padrenda (Ourense), Rábade (Lugo), Pedrafita do Cebreiro (Lugo), Padrenda (A Coruña) e Entrimo (Ourense).

Isto correspóndese con 30 novas prazas 100% gratuítas para nenos de 0 a 3 anos que viven en núcleos

de poboación sen escola infantil. No caso dos concellos de Baleira, Padrenda e Pedrafita do Cebreiro é a primeira vez que se conceden axudas para a posta en marcha deste servizo. En total, supérase o cento de casas niño en toda Galicia. Esta convocatoria presenta como novidade unha axuda complementaria de 150 euros semanais para a persoa encargada dunha casa niño mentres estea de permiso por maternidade ou paternidade.

DEPORTES



O Cidade de Lugo Fluvial, campión Galego de Tríatlón por partida dobre

O Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial acadou un éxito rotundo no Campionato Galego de Triatlón, onde se consagrou como campión tanto nas categorías feminina como masculina. Os deportistas do club lucense destacaron por unha actuación brillante, con resultados excepcionais que confirman o seu liderado no triatlón galego.

Na categoría masculina, o club fíxose cun triplete, ocupando os tres primeiros postos do podio. Martín, Jarno e Lucas foron os grandes protagonistas, proclamándose campións nas súas respectivas categorías: sub23, júnior e xuvenil. Este logro subliña o

dominio do Cidade de Lugo Fluvial nunha competición de alto nivel.

En canto á categoría feminina, o éxito tamén foi notable. Elsa acadou o subcampeonato galego, mentres que Marta conseguiu a terceira posición. Ambas as dúas deportistas tamén se proclamaron campioas nas súas respectivas categorías, sub23 e júnior, demostrando o potencial e a calidade das atletas do club. Estes resultados reafirman ao Cidade de Lugo Fluvial como unha referencia no triatlón galego, destacando polo seu compromiso e polo excelente traballo tanto dos deportistas como do equipo técnico.

Lugo será sede da XXXVIII Copa Galicia Sénior Masculina de Baloncesto

A Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolleu o sorteo de emparellamentos da XXXVIII Copa Galicia Sénior Masculina de Baloncesto, que se celebrará no Pazo dos Deportes de Lugo entre os días 20 e 22 de setembro.

O evento, organizado pola Asociación Xuvenil Sagrado Corazón en colaboración coa Federación Galega de Baloncesto, contará coa participación dos equipos galegos máis destacados: o Río Breogán e o Leyma Coruña, da Liga ACB, e o Monbus Obradoiro e o Club Ourense Baloncesto, da Primeira FEB.

O acto de sorteo contou coa presenza de Javier Arias, delegado territorial da Xunta en Lugo; Julio Bernárdez e Susana Fernández Fiuza, presidente e directora xeral da Federación Galega de Baloncesto, respectivamente; e Rubén Engroba, representante da Asociación

Xuvenil Sagrado Corazón. Tamén participaron ex xogadores do Breogán, como Manel Sánchez e José Ramón Ferreiro, así como outros representantes dos clubs.

Segundo o sorteo, as semifinais disputaranse o venres 20 de setembro, con dous emocionantes encontros: Leyma Coruña enfrontarase ao Monbus Obradoiro ás 18.00 horas, e Río Breogán medirase co Club Ourense Baloncesto ás 20.30 horas.

A final terá lugar o domingo 22 de setembro ás 18:00 horas. As entradas e bonos para asistir aos encontros estarán dispoñibles desde o vindeiro luns na plataforma [entradas.lugobasket.es](https://www.lugobasket.es).

Ademais dos partidos, os organizadores están a preparar actividades complementarias para os días 21 e 22 de setembro, co obxectivo de ofrecer unha experiencia completa aos afeccionados ao baloncesto.



O CD Lugo proclámase campión da Copa Federación na Pinguela

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, entregou o trofeo da Final galega da Copa Federación de fútbol que se celebrou no Estadio municipal de fútbol da Pinguela de Monforte, organizada pola Real Federación Galega de Fútbol.

O Alcalde estivo acompañado polo presidente da Real Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, o presidente do CD Lugo, Tino Saqués, así como directivos da Federación, concelleiros monfortinos, entre outras

autoridades. Deste xeito, dende as 19.30 horas, o estadio monfortino acolleu a final da Fase Galega da Copa Federación, que foi disputada entre o Coruxo FC e o CD Lugo.

A sede elixida pola RFGF foi o Estadio A Pinguela de Monforte, que grazas á colaboración do Concello de Monforte de Lemos, acollera este partido entre dous dos mellores equipos do fútbol galego. O CD Lugo foi o equipo gañador, imponéndose ao Coruxo F.C. por 1 gol a cero, tanto marcado

por Jon Cabo.

O rexedor fíxolle entrega ó seu capitán da copa de gañador, acompañado polo presidente da Real Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán, e o presidente do CD Lugo, Tino Saqués.

Deste xeito, o CD Lugo, ao resultar gañador do encontro, acada a clasificación para a Fase Nacional, a cal dá acceso á Copa do Rei para os catro equipos que cheguen ata as semifinais.

Breoganas, a peña cunha directiva completamente feminina

Este colectivo lugués, que suma 35 membros actualmente, pretende ser recoñecido por todo España, viaxar e darlle forza ao equipo celeste

Diego Rouco

Cando en España se fala do Río Breogán, pénsase sempre nun equipo de baloncesto da ACB, enfocado en xogar e dar o mellor de si mesmo partido a partido, pero tamén no apoio dunha afección que sempre está para darlle forza. Colectivos como a Peña Breogán ou Embregados levan tempo animando ao club dende a bancada. Agora suman unha sexta peña que conta cunha directiva formada soamente por mulleres. Á fronte de Breoganas están a presidenta Ángeles Iglesias; a vicepresidenta Belén Ramos; a secretaria Livia Barreiro, a tesoureira Helga Cobas e Eva Amores como vogal.

Cando botou a andar a peña?

Naceu no partido do Río Breogán contra o Unicaja de Málaga, xogado o sábado 9 de marzo. Nel xuntámonos e decidimos facela, pero non foi ata o 8 de xuño cando a fixemos oficial, tamén a través das nosas contas en redes sociais como Twitter e Instagram.



Cantos membros a forman?

Actualmente somos unhas 35 persoas, tanto mulleres coma homes, e mesmo ata hai nenos, pero a directiva si que está formada só por mulleres.

Que obxectivos teñen?

Pretendemos ser recoñecidas como unha peña do Breogán en toda España, tamén poder viaxar e darlle todo o noso apoio a noso equipo: Forza Breogán!

Contan con algún sitio no Pazo establecido para o grupo como

acontece con Peña Breogán ou Embregados?

Non, cada un está no seu sitio, pero pensamos no máis importante, que é o Breogán.

Quedaríanse con algún xogador en concreto?

Diríamos que como xogadores favoritos temos aos irmáns Quintela, a Erik e a Sergi.

E nestes últimos anos, destacarían algún outro?

A Džanan Musa, non só como xogador, senón tamén como persoa.

“O tenis de mesa é o deporte máis inclusivo que existe”

O club deportivo lugués Dez Portas, que cumpre este ano a súa maioría de idade, organiza o torneo San Froilán os días 14 e 15 de setembro

Lucía Blanco

Lugo é, por excelencia, unha cidade que destaca pola súa gran oferta deportiva grazas aos distintos clubs e entidades que apostan por poñer en valor as súas disciplinas para que estas logren o protagonismo que merecen. Baixo estas premisas o Dez Portas, que cumpre a súa maioría de idade, celebra de novo o torneo San Froilán o 14 e 15 de setembro, unha cita que naceu no 2006 e que forma parte do Circuito Galego. “No ano da pandemia tivemos un parón, pero ao ver que é un torneo importante que reúne máis de 100 deportistas en Lugo de tenis de mesa seguimos facéndoo ano a ano”, conta Jacobo Díaz, director do club.

Como botou a andar?

As entidades de tenis de mesa de Galicia que queren ter un torneo de mesa propio pertencente ao Circuito galego fano. Sempre lle dá un pouco de valor ao deporte na nosa cidade e tamén nos danos un pouco nós a coñecer. Aos poucos anos de nacer o Dez Portas xa comezamos a organizar este torneo e xa van 13 edicións. No ano da pandemia non se fixo, pero ao ver que é un torneo importante que reúne máis de 100 deportistas en Lugo de tenis de mesa seguimos facéndoo ano a ano.

Trátase dunha cita que congrega a participantes de distintos puntos de España e tamén do estranxeiro.

Ademais de ser un torneo no que poden participar todos os xogadores de club de Lugo, é aberto a nivel internacional. Algunhas veces viñeron xogadores tanto de España, como pode ser Asturias ou Madrid, e tamén xogadores portugueses cos que tamén contaremos este ano.

Por primeira vez organízase en dobre modalidade. Que idades poden participar?

O torneo na xornada do sábado faise por categorías de idades, desde benxamín ata veteranos de máis de 65 e na xornada do domingo é o torneo absoluto, que se apunta quen quere. Tanto dá que se apunte un rapaz de 12 anos como un maior de 65. Xogan todos xuntos. Este ano puxemos a novidade de que se paga unha pequena cota de inscrición e daremos un premio en metálico que



iso sempre atrae a participar.

As expectativas son positivas?

Si. Antes só o facíamos nunha xornada e chegabamos aos 100 participantes. Esperamos que con esta dobre modalidade aumente un pouco o número de inscritos e xogadores e se lle de máis valor e importancia ao torneo.

Hai moita afección por esta disciplina?

na?

Eu penso que si, aínda que moitas veces hai un pouco de descoñecemento, non só do deporte senón da nosa existencia. Este ano fixemos un grande traballo achegándoo a todos os colexios da cidade, facendo exhibicións co noso novo adestrador. E grazas a iso chegaron nosos rapaces que non nos coñecían pero

O club abre as inscricións para a nova tempada

O Club Dez Portas Tenis de Mesa dá inicio á nova tempada 2024/2025 e fai un chamamento a todas aquelas persoas interesadas en formar parte da súa gran familia deportiva. Baixo a dirección do recoñecido adestrador olímpico Cláudio Mendes, o club busca fomentar o tenis de mesa con ilusión, compromiso e, sobre todo, diversión.

Este equipo abre as súas portas a persoas de todas as idades e niveis. Desde os que queren iniciarse no mundo do tenis de mesa ata aqueles que buscan competición, pasando por aqueles que simplemente queren practicar un deporte que lles permita mellorar ao seu ritmo. Os interesados poden poñerse en contacto co club a través do correo electrónico dezportas@hotmail.com ou por WhatsApp no número

626 343 360, onde recibirán toda a información necesaria para unirse a esta gran familia.

O club destaca pola súa flexibilidade, ofrecendo solucións a quen non pode adestrar todos os días ou non pode cumprir cunha cota anual, propoñendo alternativas adaptadas a cada persoa. Ademais, animan a todos a probar o tenis de mesa, destacando que nunca se sabe se un deporte gusta ata que se experimenta.

A tempada 2024/2025 promete ser emocionante para o Club Dez Portas Tenis de Mesa, que agarda acoller novos membros na súa familia Dezportista. Os adestramentos para os cativos serán luns, mércores e venres de 16.30 a 18.30 horas e os dos adultos Terán lugar de 18.30 a 20.00 no pavillón de tenis de mesa de Friga.

que se apuntaron e que viñeron a probar. Fixemos outras iniciativas para darnos a coñecer: un torneo feminino de afeccionados e torneos con asociacións sociais coas que traballamos. Chégannos comentarios de todo tipo, dende que non sabían que existíamos, que había un club federado aquí e despois hai xente que pensa que o tenis de mesa é poñerse diante da mesa e que practicamente non hai que moverse.

Pero é todo o contrario, trátase dun deporte moi completo.

Ao principio hai que collerlle o truco, pero é un deporte moi completo e apto para toda as idades. É o deporte máis inclusivo que hai, para todas as idades e para todas as capacidades. Nós sempre animamos a vir probar, deixámoslles dúas semanas para que proben de forma gratuita e sen compromiso e vexan se lles gusta o noso sistema de adestramento. E despois a verdade que, sobre todo nestes últimos anos, poucos decidiron non seguir. Chegan, proban e continúan.

O voso adestrador, o portugués Cláudio Mendes, co que acaban de renovar para unha segunda tempada, tamén ten moito que ver nesta gran acollida. Que supón contar cun profesional do seu nivel?

Está facendo un gran traballo. Ten unha traxectoria ligada ao tenis de mesa de máis de 20 anos e levou á primeira deportista portuguesa ás olimpíadas. O verán pasado falabamos con el e tiñamos moitas dúbidas se acabaría vindo. Pero é un adestrador ao que lle gustan os retos e nós estábamos nun momento, despois dunha tempada complicada, no que necesitabamos que alguén nos puxese a funcionar e nos levantasen. Os nenos están encantados, os maiores tamén e os de competición están mellorando moito con grandes resultados. Estamos desexando que comece a seguinte tempada.

Pecharon a tempada precisamente con 45 socios. Que balance fan?

Está moi ben para ser un deporte minoritario. Temos tres grupos de adestramento, o de primeira hora é para a iniciación dos rapaces, despois adestran os veteranos e por último adestran os xogadores de competición os de máis nivel. E agora vai moi ben.

Como afrontan este novo curso?

Esta tempada pechamos con 45, pero xa temos novas solicitudes para este novo curso que esperamos parar dos 50. Eu penso que aínda que pasamos por un momento complicado, estamos remontando, hai futuro e hai ilusión pola nosa parte.



O Abella Fútbol Sala organiza unha xornada solidaria

O Abella Fútbol Sala organiza a iniciativa solidaria Un niño, un balón o vindeiro 7 de setembro na praza do Castiñeiro. Co obxectivo de achegar o xogo e o deporte, o club, que está en 2ª autonómica organiza unha xornada dirixida á cativada na que haberá colchonetas, monitor infantil, merenda e tamén sorteos.

Os interesados en participar nesta proposta, que se organiza en horario de 17.00 a 20.00 horas, poden inscribirse a través do correo do equipo, no abellafc2018@gmail.com. O aforo está fixado nuns 200 nenos e nenas e contará coa presenza de Maximus. No caso de choiva trasládan o evento ao pavillón do instituto Leiras Pulpeiro.

A I Feira Nacional de Deportes de Contacto e Artes Marciais elixe Lugo

Lugo será escenario da I Feira Nacional de Deportes de Contacto e Artes Marciais. A cita no Pazo de Feiras e Congresos celebrárase o 22, 23 e 24 de novembro cunha selección dos mellores combates. O prato forte do evento será unha serie de veladas das distintas disciplinas dos deportes de combate e as artes marciais. Ademais, os asistentes tamén poderán gozar dunha masterclass da man de Yago Díaz, campión de España de Judo. A música será outro dos ingredientes do evento no que actuarán LeSoul 33, un destacado rapeiro e freestyler profesional orixinario de Lugo e Christian Preciado, un Dj de renome que cautivou a audiencias de todo o mundo co seu estilo único. O programa tamén inclúe exhibicións, charlas, foodtrucks, actividades e concertos.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

Roda de novo o balón

Arranca unha nova tempada de fútbol con cambios no regulamento para unificar as novas categorías, especialmente nas bases

Despois dun mes de agosto de quen- tar motores, chegou o momento es- perado. Arranca a Liga para todos os equipos de fútbol, que aproveitaron o verán para remodelar os seus equi- pos de cara a unha meta común para todos eles, crecer e superarse, ben sexa levándose o título ou mesmo o ascenso de categoría.

Para a maior parte deles o premio será manter a categoría pero sexa como sexa a maquinaria está en marcha e o balón xa botou a rodar e adaptándose aos novos cambios que trae este ano a Federación Galega.

As competicións nacionais escolle- ron o inicio do mes de setembro para a estreia. Agás o CD Lugo, que en Primeira Federación xa leva dúas xornadas disputadas e sen moita fortuna. O equipo, que se remode- lou dende a dirección, logrou a per- manencia o ano pasado in extremis, sendo o equipo mellor situado da provincia.

En Terceira Federación coinciden o resto de equipos que están en ligas nacionais. O Polvorín, filial do Lugo, e o Vilalbés, retornan a esta descendi- dos pero con forzas renovadas para seguir loitando. Neste mesmo grupo seguen a Sarriana, que non logrou o ascenso, e o Viveiro.

O equipo sarriao tivo moi preto o ano pasado a Segunda Federación, pero ao final escapóuselle o premio. Os catro equipos da provincia inicia- rán a Liga a fin de semana do 8 de setembro.

PREFERENTE

Un dos primeiros cambios que se produce este ano é que a Preferente para a ser Preferente Futgal, aínda que segue na mesma liña e ten a mesma data de inicio da competi- ción. O Ribadeo e o Lemos conse- guiron o ano pasado manterse nesta difícil categoría e estréanse este o Pol, que pechou un ascenso directo logo dunha magnífica tempada, e o Escairón, que tivo que acudir á pro- moción para entrar no último paso do fútbol galego.

A gran novidade no formato de competición de cara á próxima campaña radica na posta en marcha dun *play off* de ascenso. Ata esta campaña ascendían catro equipos de maneira directa (os dous primei- ros clasificados de cada grupo). A partir desta mesma campaña man- teranse os catro ascensos, pero da seguinte maneira: os campións de cada un dos grupos darán o salto á Terceira Federación de maneira directa e as outras dúas prazas sai- rán dunha promoción na que parti- ciparán o segundo, terceiro, cuarto e quinto clasificados de cada grupo. Estes enfrontaranse de xeito cruza- do (2º contra 5º e 3º contra 4º) a ida e volta. Os vencedores disputarán unha segunda eliminatoria que dic- taminarán as outras dúas prazas e ascenso.

Non houbo tanta sorte para o Castro e o Residencia, que regresan á Pri- meira Futgal, a nova denominación da anterior Primeira Galicia, tamén coñecida como Primeira Autonomí- ca.

A categoría segue a ser de ámbito autonómico pero composta agora por 108 equipos repartidos en 6 grupos de 18 equipos cada un. Os lugueses seguen a competir xuntos no grupo 3 e tamén saíran ao verde a mesma fin de semana. Póñense en xogo 9 ascensos a Preferente. Aca- darán o pase directo os campións de cada grupo e os tres ascensos restan- tes saíran dunha promoción na que participarán os segundos e terceiros clasificados de cada grupo.

Seguen a ser o mesmo número de equipos, e xunto aos novos descendi- dos tamén están os ascendidos, como o Vilalbés B, o San Lázaro, o Pastoricense e o Oural.

As seguintes fins de semana de se- tembro será cando se inicie a com- petición para a Segunda e a Terceira Futgal, que tamén cambian de nome pero que previsiblemente seguirán o mesmo sistema que en anos an- teriores e nas que os cambios son as novas chegadas por ascenso ou descenso. A Federación aínda non fixo públicas as normativas destas



categorías pero poucos cambios se esperan xa que estas modificacións están máis centradas este ano no fútbol de base.

NOVAS CATEGORÍAS

Así, nas categorías xuvenil, cadete e infantil creouse unha nova división, situada entre a anteriormente coñe- cida como Liga Galega e a Primeira Provincial. As antigas galegas levarán tamén o nome de Preferente Futgal ao lado de xuvenil, cadete e infantil, e a nova categoría distínguese como Primeira Futgal. Despois desta man- terase a división provincial.

Mantéñense por suposto as tres categorías nacionais, nas que está como único representante o CD Lugo. O xuvenil A está en Liga Nacional Xuvenil, despois do descenso que acadou na última sesión men- tres que o B pasará por arrastre á agora Preferente.

En División de Honra cadete e infan- til estarán un ano máis tamén sós. En Preferente Futgal están o Vilalbés, o Lugo B e o Milagrosa no norte e o Calasancio no sur. Na cadete Lugo B e Residencia están como únicos re- presentantes, logo do descenso do equipo monfortino. Na infantil com- petirán o Residencia, o Polvorín e o Viveiro.

No relativo á Primeira Futgal queda- ron clasificados a tempada pasada os mellores equipos por debaixo dos

O CD LUGO

O **CD Lugo** arranca tempada con novidades no seu cadro de xoga- dores. Guille Perero e Nathaniel Nicholas, aos que se uniu Raúl Her- nández, que chega á cidade amu- rallada tras completar a tempada 23/24 nas filas do CF Fuenlabrada e Jon Ceberio, mediocentro que formou parte do CF Intercity, pro- tagonizaron as primeiras presenta- cións. Únense a eles Jon Cabo, que completou o seu proceso formativo na canteira do Athletic Club, Martín Ochoa, que vén cedido do Depor- tivo, e Martín Ochoa.

A entidade tamén chegou a un acordo con Erik Ruiz, con Marcos

Sánchez, co catalán Roger Martí- nez, co porteiro Marcos Lavín e o defensa central Juan Rodríguez, procedentes do Alxeciras CF. A afección tamén poderá desfrutar do lateral esquerdo Ander Zoilo, procedente da canteira da Real Sociedade, de Alberto Vaquero e Yayo González. Pablo Cacharrón e Dani Vidal completan as presenta- cións.

Pola contra, o club cede a Andrés Castrín, que estará no Sevilla; Gonçalo Tabuaço, no CS Marítimo; David Rosón, que renova ata 2026 e xogará no Don Benito e finaliza o contrato con Fran Mérida.

ascendidos. Os da provincia de Lugo foron divididos en dous subgrupos. Na xuvenil están Chantada, Residen- cia, Palas, Sarriana, Becerreá e Antas. Na cadete quedan o Polvorín FC e o EF Polvorín, Vilalbés e Residencia B xunto a Chantada e Calasancio. Na infantil están Piringalla, Milagro- sa, Sarriana, Vilalbés, Ribadeo, Lugo B e Calasancio.

LIGAS FEMININAS

Non haberá cambios nas ligas femi- ninas este ano, nas que o Lugo e o

PM Friol están como figuras des- tacadas na Terceira Federación, na que o primeiro logrou a permanen- cia no seu primeiro ano na catego- ría in extremis. Para as de Friol foi un ano complexo pero aseguraron pronto a súa praza. Arrancarán tamén o 8 de setembro a contenda. As ligas galegas femininas retrasa- ranse algo máis. Estrearanse o 15 de setembro a Primeira e a Segun- da. Logo do descenso do PM Friol B non haberá representación da provincia na categoría máis alta. Tampouco se coñece aínda a com- posición do resto.

O VIVEIRO CF

O **Viveiro CF** tamén cambiou de adestrador, e será Jandry Rego o que se encargue de levar ao equipo ao máis alto. O que foi o asistente de Alberto López toma o mando e xa se encargou da pretempada.

Hai cambios no equipo pero non tantos como no resto de catego- rías. Na porta estarán Ayoub e Lluc, vellos coñecidos da afección, e no medio campo seguirán Diego Fernández e Diogo Petiz, aos que

se suman as incorporacións de Chucas, Víctor Fernández, Xoel, Salomón Teijo e Lucas Fanego, mentres que serán Juan, Rolle, Adri Lombao, Arturo e Cora os que seguirán defendendo os co- res celestes. Na liña dianteira es- tarán Carlos Teixeira, Jorge e Xoel Ferro. Posteriormente foron incor- porados Álex Vila e Diego Herrador e tras varias baixas reforzaron o mediocentro con Pablo Calvete.



O VILALBÉS

O **Racing Vilalbés**, que non logrou manterse en Segunda RFEF por moi pouco despois da súa estrea histórica, volverá á Terceira con moita ansia de atopar de novo a senda do ascenso.

Aos mandos está agora Alberto López, ex técnico do Viveiro, xa que Simón Lamas deixou o equipo cando se produciu o descenso.

Xunto a Lamas tamén houbo outras 15 baixas polo que hai un Rá-

cing totalmente novo. Entraron no equipo Rodolfo Perilae, Borja Míguez, Anthony Gardette, Gabri Barroso e Adrián Fernández na parte de diante. Na defensa están agora Edgar Redondo, Martín da Lama, Asier Burundarena e David García. Estas incorporacións súmanse a veteranos como López, Vérez, Make, Javier e José Varela, Buyo e Santomé. Do filial chegan Noel, Pedro, Álex e Edu así como xuvenís Iago e Sergio.



A SARRIANA

A **Sarriana** contará este ano con novo adestrador, Jaime Paz, que procede do Villarreal, onde formou parte do corpo técnico de Quique Setién. Tamén foi asistente técnico no Oviedo.

Así, con Jaime Paz forman parte do corpo técnico do club Juan Noé, Adriano Sousa, David, Diego e Santi Prieto.

Por outra parte, anunciáronse as renovacións de xogadores do equipo como Javi Liz, Valentín Mosqueira, Tomás Susavila, Maxi Levbrand, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Adri-

Díaz, Álex Boedo, Diego Rey, Cuadrado, Arona e Brais Prieto.

Mentres, tamén se anunciaron as incorporacións de novos xogadores, que son Álex Millán, Martín López, David Guitián, Froilán Contreras, Youseff Sánchez, Rai, Luis Díaz e Santi Gegunde.

Ademais, durante a pretempada, xogarán co primeiro equipo varios integrantes do sénior B, como Rubén Mourelo e Brais López, e o do xuvenil, como Óscar, Uxío, Pablo No, Adrián Pardo e Guti.

O comezo escalonado do Fútbol Sala

Importante representación dos equipos da provincia nas principais categorías, con tres nas femininas e outros dez nas masculinas

O fútbol sala tamén volverá ás canchas pero no seu caso será de forma máis escalonada nun ano no que existe unha importante representación de equipos da provincia na elite deste deporte.

Galicia é unha potencia e Lugo contribúe a iso. 3 equipos nas dúas categorías femininas e 12 nas 5 masculinas son un número máis que representativo.

O Pescados Rubén Burela segue a ser o máximo referente cunhas laranxas que non paran de encadear triunfos e con eles tamén situados na Primeira División. Para elas o comezo está máis preto, a mediados de mes, mentres que eles terán que esperar ata outubro.

Xunto ao Burela está o Castro FSF tamén en Primeira, que logrou manterse na categoría. Estrearse, pola contra, en Segunda División feminina, o Vilalba FS, que logrou un ascenso histórico, ao igual que fixo o Lugo Sala na masculina, que se estrea na categoría de prata por primeira vez na súa corta historia.

Á Segunda División B regresa o Ribeira FS, que estará xunto ao Xove e o Vilalba.

Na Terceira división tamén hai representación importante, como o

Insuas do Miño, que conserva a categoría finalmente logo da renuncia dun rival. Estarán xunto a este Begonte, Outeiro de Rei, PM Friol, San Xoán de Guitiriz e Praias de Barreiros. Os begontinos regresan á categoría mentres que o PM Friol está de estrea.

Completan a lista dous equipos lugueses que se manteñen un ano máis na máxima categoría xuvenil, o Ribeira e o Lugo Sala.

A primeira en empezar será a Primeira feminina. A fin de semana do 15 será a vez dos xuvenís, a Segunda División B e a Terceira. Seguirán a Segunda feminina e masculina e os últimos en unirse son os de Primeira División masculina.

A Preferente tamén sairá ao parque o 15 de setembro.

A COPA DEPUTACIÓN

Mentres as ligas non comezan, os pavillóns contarán co movemento que achega a V Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará ata o 1 de novembro. Xogarán as dúas primei-

ras sesións a principios de setembro. A fin de semana do 12 de outubro e a ponte do 1 de novembro foron os días escollidos para completar a competición.

De Preferente e Primeira División Feminina participan nove equipos: Ribeira Lieders FS, Concello de Begonte FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Burela Pescados Rubén B, Os Meigallos, FSF Castro Supexport B, SD Castroverde, Taboada Futsal.

De 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina participan 12 equipos: Ribeira FS B, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Concello de Begonte FS, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS, ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

De Primeira e Segunda División Masculina participan 19 equipos: CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de Begonte FS B, Luisitalla, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abeila FC, FSF Castro Carnemax, A Lareira Os Meigallos FS B, Club Lemos FS, Desguaces Herbón.



DE RUTA EN RUTA

Outeiro de Rei: Ruta arqueolóxica do Acevedo

Un percorrido circular polas parroquias Martul, Aspai e Parada que nos permite coñecer algúns restos arqueolóxicos

O municipio de Outeiro de Rei conta cunha grande cantidade de mámoas e dolmens pertencentes á denominada cultura megalítica. Normalmente o seu emprazamento vincúlase coas principais vías de tránsito ou de desprazamento natural que percorren a zona. As medorras, un dos nomes cos que se designa na Terra Chá aos túmulos prehistóricos, constitúen xunto aos castros o xacemento arqueolóxico máis representativo da xeografía galega, moi abundantes neste territorio. A través desta ruta poderemos descubrir os conxuntos tumularios máis representativos do concello de Outeiro de Rei.

A igrexa parroquial de Martul será o punto de inicio desta ruta, unha igrexa románica que a excepción da ábsida sufriu unha reforma total levantando unha nova nave e dúas capelas laterais que lle dan forma de cruz latina. Unha vez atravesada a aldea tomaremos un desvío á man dereita para atopar o primeiro resto arqueolóxico. Pena Dereita é o primeiro túmulo funerario do que poderemos



desfrutar nesta ruta e presenta cámara de tipo poligonal con probable apertura en corredor cara o leste e a pedra de cabeceira é de grandes dimensións cun metro oitenta de altura. Continuaremos o camiño ata chegar aos túmulos de Roza das Presas e as medorras de Acevedo seis e sete que non teñen camiño de acceso pero son fáciles de visitar mentres que para ver a número oito si que hai que desviarse do camiño principal.

A continuación, chegaremos a aldea de Province, en Aspai, onde atoparemos construcións de casas tradicionais e unha pequena fonte. Comezaremos unha subida para chegar ao seguinte punto, o dolmen Pico de Mallas que está situado a 544 metros de altitude e ten uns catorce metros de diámetro e dous metros de altura. Ademais, desde este punto poderemos desfrutar dunhas fermosas vistas de toda a contorna.

Comezaremos un pequeno descenso ata atopar os túmulos de Province e trescentos metros

despois poderemos observar o gravado de Galva. O soporte deste gravado é un amplo afloramento granítico moi plano e ten o motivo situado no extremo oeste, que consiste nunha figura composta por un círculo do cal parte un radio cortado transversalmente por unha liña curva.

Desde este punto seguiremos baixando e á nosa esquerda atoparemos o desvío para ver o túmulo de Jolfa un e os petróglifos de Pena Serranda nun gran afloramento rochoso. Volveremos ao camiño e preto a unha sinal atoparemos un pequeno desvío entre árbores que nos leva ao gran túmulo de Pena Serrada e baixando un pouco máis están os túmulos de Pascuais.

Seguindo os carteis atoparemos xa os últimos elementos de interese desta ruta, as Medorras de Acevedo un, dous, tres e catro. A primeira das de Acevedo é un túmulo de forma semiesférica que conserva aínda o resto da coraza e ten tres laxas graníticas que so-



bresaen, unha delas cun gravado. A Medorra de Acevedo número dous interrelaciónase coas outras dúas e ten forma semiesférica e a tres presenta unha cámara visible en case a súa totalidade de forma poligonal.

Para finalizar, continuando o per-

corrido, poderemos visitar os túmulos de Carrís e dende este último punto, iniciaremos o descenso ao río chegando á Ponte Colgante de Parada, espazo moi agradable a carón do río Miño; desde aquí ascenderemos pola estrada cara ao punto de partida en Martul.

DATOS



2 horas



10 quilómetros



Dificultade media

VEO VEO

2x1

Monofocales · Progresivas · Sol

Para que veas veas

OPTICALIA CALLAO

LUGO | FERROL | LAS PONTES | NARÓN | ORTIGUEIRA

Siempre se cobrará la cuota de mayor importe. * Oferta limitada de venta, lenses monofocales o progresivas, elegir cualquier montura de marca disponible en el establecimiento. 2x1 válida en compras superiores a 50€ en cualquier tienda. No aplica en productos de marca Trend y PuraBios. Los productos sanitarios objeto de esta promoción son contactos, lentes y monturas. No aplica en productos de marca Trend y PuraBios.